

*“A mellor herdanza que podemos deixarlle aos nosos fillos é:
amor, coñecemento e un planeta no que se poida vivir”*



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



FEADER
Europa inviste
no rural



GOBERNAMENTO DE GALICIA
XERARDELO DE GALICIA, A ADMINISTRACIÓN
E O DESENVOLVEMENTO



leaderGalicia
2007-2013



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
E COOP. MARK

ÍNDICE

ASOCIACIÓN MARIÑAS BETANZOS	4
ÓRGANOS DE GOBERNO	5
A Asemblea Xeral.....	5
A Xunta Directiva	6
Renovación membros Xunta Directiva Asociación Mariñas – Betanzos	6
ALTAS E BAIXAS ENTIDADES DURANTE O ANO 2014.	7
INSCRICIÓNS GDR EN CENSOS DE REXISTROS DE ENTIDADES.....	7
I. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN E COOPERACIÓN	8
Órganos Xestión da Reserva da Biosfera	9
Consello de Dirección	9
Comité Executivo.....	10
Comité Científico.....	10
Comité de Participación.....	11
Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	12
Difusión, sensibilización e participación na formulación do Plan de Xestión.....	12
Seminario Técnico. Emprego e Desenvolvemento Local.....	12
Seminario Técnico. Medio Ambiente e Turismo.....	13
Reunión XII Consello Xestores da Rede Española Reservas Biosfera	13
Seminario Oportunidades de financiamento de proxectos.....	13
Difusión nas redes sociais.....	14
Concurso Ideas Logotipo	15
Reserva Biosfera MCeTM.....	15
Impulso á creación da Rede Galega Reservas de Biosfera.....	15
Sinalización Reserva Biosfera (1ª fase).....	16
II. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS	18
Divulgación e educación ambiental.....	19
I Maratón Ornitolóxica da Reserva da Biosfera MCeTM.	19
Día da árbore	19
I Xornadas Patrimonio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	20
III Semana Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.	20
Xornada o Gato Bravo en Galicia	21
Deseño Candidaturas Programa Life 2014.....	21
Aplicación para dispositivos móbiles (APP). Fecyt 2014	21
III. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL E MARIÑO, PRODUCIÓNS E SERVIZOS.....	22
Redes, Cooperación e colaboración	23
Calidade Agroalimentaria. Síñais identidade territorios rurais (2011-2014).....	23
Rede Asturgallega Industrias Agroalimentarias: Estratexias para innovación 2011-2014.....	23

Difusión produtos agroalimentarios locais.....	24
Mostra de Branco Lexítimo.....	24
XII Festa do Pan de Carral.	24
II Feira Ecological Galicia.....	24
II Mostra de Viños e Produtos das Mariñas. 9 e 10 de agosto 2014.....	24
Biosfera e Saúde	25
Trail Terras Mandeo: Mandeo Reserva Biosfera. Comercio Betanzos.....	25
Presentación e etiquetado dos produtos agroalimentarios.....	25
Xornada Formativa: A qué sabe a Biosfera?	25
IV. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES.....	26
Educación ambiental.....	27
Mesa de traballo: Os equipamentos de educación ambiental	27
Presentación da Reserva Biosfera: Escola de Turismo	27
Centros Escolares.....	28
Programa Educación Ambiental, Comunicación e Participación Pública	28
V. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPRENDEMENTO E CAMBIO CLIMÁTICO	29
O Programa LEADER como ferramenta de dinamización económica	30
Programas Integrados para o Emprego	31
Programa Rural Emprende (2013-2014)	32
Programa Biosfera – Emprega (2014-2015)	33
Plan Alimentario Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2014-2017).....	34
Lanzamento do Proxecto. Reunións Comisións Técnica.....	35
Oportunidades de emprendemento na Biosfera	36
Xornada de oportunidades dos produtos locais para o emprendemento	36
Emprendemento verde na Reserva da Biosfera: lúpulo e mazá.	36
Emprendemento verde na Reserva da Biosfera: arando e castaña	37
Emprender en feminino na Reserva da Biosfera.....	37
Oportunidades de emprendemento: A produción de horta e flor	38
Xornada Viticultura, Emprendemento e Paisaxe	39
RESUMO MEMORIA ECONÓMICA 2014	40
BALANCE	43
PERDAS E GANANCIAS	43
ANEXO I: LISTADO PROXECTOS LEADER	44
ANEXO II: LISTADO ENTIDADES ASOCIADAS	56

Despois da Declaración como Reserva de Biosfera das “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” en maio de 2013, durante o ano 2014, as actividades realizadas se teñen centrado na posta en marcha da Reserva, principalmente coa elaboración do Plan de Xestión (2013-2017) e na organización dos Órganos de goberno (Consello de Dirección, Comité Científico, Comité de Participación e Comités técnicos), coordinando estas actividades desde a Asociación Mariñas-Betanzos.

Temos avanzado na sinalización nas vías principais de entrada á Reserva, así como na creación do logo e imaxe promocional da Reserva, onde se presentaron máis de 40 propostas da cidadanía. Temos reforzado tamén as vías de comunicación que aseguren o fluxo de información a todos os axentes interesados (novo espazo Web, redes sociais, boletín informativo ou grupos de correo electrónico).

A meirande parte dos esforzos se teñen centrado na visualización da Reserva de Biosfera como espazo de oportunidades de emprego e emprendemento, fundamentando as accións dentro do Programa LEADER, do que Mariñas-Betanzos é Entidade Colaboradora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) -Xunta de Galicia-. O Programa Integrado de Emprego “Biosfera-Emprega” (Consellería de Traballo e Benestar), nos ten permitido impartir formación a máis de 130 persoas nos eidos que consideramos máis interesantes para a creación de emprego (horta en ecolóxico; agroindustria e cosmética; e emprendemento no medio rural). Temos realizado máis de 20 Seminarios ou xornadas temáticas dirixidas a emprendedores, o que ten suposto un grande impacto mediático e de dinamización, coa asistencia de máis de 850 persoas.

A colaboración e o establecemento de alianzas con outras entidades ten sido clave para lanzar as liñas de acción da Reserva de Biosfera, colaborando entre outras entidades coa Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia, o CEIDA, a Fundación Juana de Vega, IGAPE, Consorcio As Mariñas, Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”, Fundación Fragas do Mandeo, Grupo Naturalista Hábitat ou a Asociación de Viticultores do Viño da Terra de Betanzos.

Temos participado en distintas redes fora do territorio, como a REDER, ou organizando no Pazo de Mariñán a reunión anual do Consello de Xestores de Reservas de Biosfera de España. Tamén estamos impulsando a constitución da Rede Galega de Reservas de Biosfera e a Asociación Estatal de Grupos de Acción Local polo Clima.

Iniciamos o ilusionante proxecto de deseñar un Plan Alimentario para a Reserva de Biosfera, que xurde coa intención de impulsar os produtos locais baixo a Marca “Reserva de Biosfera” e os circuitos curtos, contando co apoio económico da Fundación Biodiversidad. Así mesmo, temos concorrido con propostas e proxectos a distintas convocatorias como LIFE ou Europa para os Cidadáns, estando pendente dos resultados.

Como non podería ser doutro xeito, todos estes avances son froito da colaboración e compromiso de moitas persoas que tanto dentro da Asociación como fora dela, comparten con nós a ilusión de traballar por un futuro mellor. Gracias.

Para a anualidade 2015, a posta en marcha das actuacións no ámbito da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” estará condicionada polo acceso ao financiamento, propoñendo facer un importante esforzo en formular proxectos coherentes co Plan de Xestión que permitan a súa paulatina posta en marcha. Remataremos tamén o actual Programa LEADER (2007-2013) e optaremos á nova Convocatoria LEADER (2014-2020), abrindo o proceso a toda a cidadanía.

Un cordial saúdo e gracias.

O PRESIDENTE E A SÚA XUNTA DIRECTIVA.

Decembro 2014

ASOCIACIÓN MARIÑAS BETANZOS

Asociación de Desenvolvemento Rural

Mariñas-Betanzos



Constituíse en xullo do 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación.

A Asociación ten como ámbito de actuación os municipios de *Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado*.

Durante o ano 2008 foi elaborada a “Estratexia de desenvolvemento rural 2007-2013”, de xeito participativo por todas as entidades do territorio que así o quixeron. Esta estratexia de desenvolvemento ten como obxectivo final a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social.

Dende finais do ano 2008 a Asociación Mariñas-Betanzos está a xestionar o Programa LEADER Galicia 2007-2013, e dende maio de 2013 é o “ente xestor” da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.



ÓRGANOS DE GOBERNO

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” réxese por unha Asemblea Xeral, organizada en Mesas Sectoriais, e unha Xunta Directiva elixida pola Asemblea.

A Asemblea Xeral



A Asemblea Xeral é o máximo órgano de decisión da Asociación e está integrada por todas as entidades que forman parte dela.

Reúnese con carácter ordinario unha vez ao ano co obxecto de avaliar o funcionamento da Asociación, aprobar as contas anuais, así como os orzamentos para o vindeiro ano.

O día 26 de maio celebrouse no Salón de Actos de A Senra a Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación.





A Xunta Directiva

A Xunta Directiva da Asociación está formada polos representantes das entidades asociadas organizadas sectorialmente e elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle otorgou a cada unha delas.

Nº de reunións de Xunta Directiva 2014: Seis

Renovación membros Xunta Directiva Asociación Mariñas – Betanzos

O 26 de maio renováronse os membros da Xunta Directiva, representantes no Consello de Dirección da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Esta renovación foi ratificada pola Asemblea Xeral da Asociación.

COMPOSICIÓN XUNTA DIRECTIVA:

Presidencia: D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde Abegondo (Mesa Administracións Públicas).

Vicepresidencia: D. Cesar Longo Queijo, Alcalde Paderne (Mesa Administracións Públicas).

Secretaría: Dña. Catalina Rodríguez Rodríguez. Asociación AMFAR Cambre (Mesa sectorial asociacións e colectivos de mulleres).

Tesourería: Dña. Aida Pérez Barredo. Asociación de Empresarios de Culleredo (Mesa Asociacións empresariais).

VOGAIS PÚBLICOS:

Mesa do sector Institucional:

- D. Carlos Vales Vázquez, Centro Extensión Universitaria Divulgación Ambiental Galicia (CEIDA).
- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da Sociedade Galega de Historia Natural.

Mesa do sector das Administracións Públicas:

- D. Ramón García Vázquez, Alcalde do Concello de Betanzos.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós.
- D. Javier Francisco Caínzos Vázquez, Alcalde do Concello de Curtis.
- Dña. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica do Concello de Culleredo.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros.
- D. Andrés Taboada Marante, representante do Concello de Oza-Cesuras.
- D. Ernesto Anido Varela. Alcalde do Concello de Sada.

Mesa do sector da pesca, marisqueo, acuicultura:

- Dña. María José Crespo Fraga, da Confraría de Pescadores de Miño.

VOGAIS PRIVADOS:

Mesa do sector Institucional:

- D. Juan Manuel Neira Fernández, en representación da Sociedade Galega de Historia Natural.

Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo:

- Dña. Ricardo Rilo Pérez, Lúpulo Tecnología Gallega S. Cooperativa (LUTEGA).
- D. Juan Alvarez Llana, Asociación para a recuperación, defensa, produción e promoción da Galiña Piñeira (AGALPI).
- D. Antonio Buyo Mosquera, Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueros de Betanzos e comarca.

Mesa do sector forestal e da madeira:

- D. Antonio De María Angulo, Asociación Profesional de Silvicultores de Galicia (SILVANUS).

Mesa do sector da artesanía:

- Dña. Concepción Lema Torre, Asociación Artesáns As Mariñas.

Mesa do sector de Asoc. e colectivos de mulleres:

- Dña. Catalina Rodríguez Rodríguez, Asociación de mulleres e familia do ámbito rural Cambre (AMFAR CAMBRE)

Mesa do sector Asoc. xuvenís e colectivos xuvenís:

- D. Javier Ascasibar Errasti, Asociación Xuventude e Natureza.

Mesa do sector Asoc. Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, Anpas:

- D. José Juan Rico Rodríguez, Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva.
- Dña. Sabela Pérez Iglesias, Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxín Roxal.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, Asociación Cultural “Cultura Aberta”.

Mesa do sector Asoc. e colectivos medioambientais ou actividades na natureza:

- D. Roberto Vidal Pazos, en representación do Grupo Naturalista Habitat.

Mesa do sector do turismo e da hostalería:

- D. José Soto Martínez, Asociación do Turismo Sostible de A Coruña.

Mesa do sector dos colectivos de interese social, discapacidade e ONG’s:

- D. Eulogio López Río, Asociación de padres de personas con parálisis cerebral (ASPACE).
- Dña. María Teresa Tiemblo Marsal, Asociación de pais con tea da provincia da Coruña (ASPANAES).



ALTAS E BAIXAS ENTIDADES DURANTE O ANO 2014.

En relación ó número de asociados a 31 de decembro de 2014 hai 130 entidades agrupadas en 13 mesas sectoriais. Durante o ano 2014 as entidades que causaron alta na Asociación son:

Data ingreso	Entidade	Concello	Mesa Sectorial
8/7/2014	Amigos de los ríos de Betanzos (ARBE)	Betanzos	Asociacións e colectivos medioambientais
13/10/2014	Asociación Vedoreira	Paderne	Asociacións e colectivos culturais

VER ANEXO II: LISTADO DE ENTIDADES ASOCIADAS A MARIÑAS – BETANZOS A 31/12/2014

INSCRICIÓNS GDR EN CENSOS DE REXISTROS DE ENTIDADES

- Rexistro no Censo de Asociacións en entidades culturais de Galicia. Código de identificación B-03-33/C-101 libro 2 folio exp. 4870.
- Rexistro no Censo de entidades xuvenís e prestadoras de servizos á xuventude. Número de orde 15PS0129.
- Rexistro no Censo de entidades de acción voluntaria de Galicia. Número O-605.
- Rexistro de entidades servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia (Resaxega), co número EA_14_047.




ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



I. GESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN E COOPERACIÓN



Órganos Xestión da Reserva da Biosfera



Os órganos de xestión son os responsables do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas, así como das medidas adecuadas para a consecución dos obxectivos do Programa MaB da Unesco.

Teñen un carácter participativo e aberto para que a poboación participe nos mesmos a través das entidades públicas e privadas, universidades, empresas, etc.

Protocolo de participación pública na xestión da Reserva da Biosfera

Funcións:

1. Promover, elaborar e aprobar a execución do Plan de Acción da Reserva da Biosfera.
2. Analizar os condicionamentos económicos e sociais, tanto internos como externos, da Reserva da Biosfera.
3. Identificar as oportunidades que se abren para a Reserva da Biosfera, e posibles liñas de actuación.
4. Velar polos cumprimento dos obxectivos anuais do Plan de Acción.
5. Aprobar as actuacións e levar a cabo no Plan de Acción da Reserva de Biosfera.
6. Aprobar os orzamentos para a Reserva de Biosfera.
7. Vixiar que a xestión económica se faga de acordo aos orzamentos aprobados.

Consello de Dirección

Presidencia	Concello de Abegondo
Vicepresidencia	Concello de Paderne
Representantes das entidades sociais e económicas. Mesas sectoriais	■ Asociacións de Empresarios multisectoriais. ■ Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza. ■ Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais e ANPAS. ■ Asociación e colectivos de interese social, discapacidade e Ong. ■ Asociacións de Mulleres ■ Pesca, marisqueo e acuicultura ■ Turismo e hostalería
Xunta de Galicia	■ Directora Xeral Conservación Natureza. Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. ■ Xefe do Servizo de Conservación da Natureza da Provincia de A Coruña. Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. ■ Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural e do Mar. ■ Xefe de Coordinación da área do Mar da provincia de A Coruña. Consellería do Medio Rural e do Mar.
Deputación Provincial A Coruña	■ D. Jacobo Fernández García (Alcalde- Presidente Concello Sobrado dos Monxes). ■ D. Manuel Taboada Vigo (Alcalde-Presidente Concello de O Pino). ■ D. José Dafonte Varela (Alcalde-Presidente Concello de Trazo) ■ D. Antonio Cañas Varela (Vicepresidente 2º da Deputación Provincial de A Coruña).
Consorcio As Mariñas	Xerencia do Consorcio As Mariñas
Ministerio (con competencias en materia de costas)	Director Demarcación de Costas de Galicia
Entidades Custodia do Territorio	Fundación Fragas do Mandeo
Comité Científico da R.B.	2 persoas pendentes de nomear
Comité de Participación da R.B.	2 persoas pendentes de nomear

Comité Executivo

Presidencia	Concello de Abegondo
Concellos da R.B.	Curtis, Culleredo, Oleiros, Paderne
Xestor da Reserva de Biosfera	Xerente Programa LEADER
Entidades sociais e económicas (Mesas sectoriais)	4 representantes pendentes de nomear.
Xunta de Galicia (con competencias en espazos naturais)	1 representante pendente de nomear
Deputación Provincial de A Coruña	1 representante pendente de nomear
Demarcación de Costas de Galicia	Rafael Eimil
Comité Científico R.B.	1 representante pendente de nomear.

Funcións Comité Executivo

1. Posta en marcha das actuacións recollidas no Plan de Acción e acordadas polo Consello de Dirección.
2. Control, seguimento e avaliación destas actuacións.
3. Elaborar propostas de actuacións ao respecto dos obxectivos e estratexias da Reserva de Biosfera, para trasladar ao Consello de Dirección.
4. Fomentar o voluntariado e dinamizar o tecido socioeconómico.
5. Aquelas que lle delegue o Consello de Dirección.

Comité Científico

Funcións Comité Científico:

1. Identificar as actividades de investigación e experimentación, así como o seu seguimento e experimentación.
2. Formular propostas para o financiamento de actividades de investigación e experimentación.
3. Desenvolvemento de actividades de investigación e experimentación, así como o seu seguimento e avaliación.
4. Asesorar na posta en marcha dos Plans de Xestión da Reserva de Biosfera.
5. Propoñer e/ou executar estudos e investigación no ámbito da Reserva da Biosfera, enmarcados nos principios de conservación, desenvolvemento sostible e educación ambiental.
6. Elaborar proposta de indicadores de seguimento da aplicación dos Plans de Xestión da Reserva da Biosfera.
7. Favorecer a circulación e transferencia de coñecementos entre investigadores e xestores.
8. Identificar e promover a relación con Universidades e Centros de investigación que poidan asociarse e contribuír ao desenvolvemento do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera.
9. Elaboración da súa propia programación de actuacións.

Persoas convidadas a participar:

- Jerónimo Puertas Agudo, Docente e Investigador da UDC. Área de Hidráulica de Canais e Ríos.
- Juan Castro Ínsua. Centro Investigacións Agrarias de Mabegondo. Xunta de Galicia.
- Carlos Vales Vázquez. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).
- Pablo Ramil Rego, Vicerreitor adxunto de Investigación da USC.
- Rafael Crecente Maseda, Investigador principal do Laboratorio do Territorio. USC.
- Venancio Salcines Cristal, Presidente da Escola de Finanzas de A Coruña.
- Enrique Sáez Ponte, Presidente da Fundación Juana de Vega
- Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Catedrático Edafoloxía USC.
- Andrés Precado Ledo, Catedrático Xeografía Humana, USC.
- Francisco Javier Sanz Larruga, Catedrático Dereito Ambiental, UDC.
- Antía Pérez Caramés, Doctora Facultade de Socioloxía
- Ángeles Romero Rodríguez, Catedrática de Universidad, Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía.
- Darío Prada Rodríguez, Catedrático Química Analítica. Director Instituto Universitario Medio Ambiente. UDC.
- Alfredo Erias Martínez. Director do Museo das Mariñas e do anuario Brigantino do Concello de Betanzos.

As empresas deben xogar un papel clave, e poderían ter o seu lugar para participar e involucrarse a través deste Comité de Participación



■ **Autoridade Portuaria A Coruña**

■ **Gadisa**

■ **Fundación Santiago Rey**

■ **Fundación Juana de Vega**

■ **Grupo Proinsa**

■ **Asociación Vedoreira**

Funcións Comité Participación:

1. Promover e garantir a participación dos axentes locais implicados e interesados na xestión e desenvolvemento sostible da Reserva da Biosfera, así como artellar os procesos de toma de decisións de “abaixo-arriba”
2. Constituír un foro de debate e facilitar a interacción da poboación coas administracións, no marco da conservación ambiental e o desenvolvemento sostible.
3. Participar na elaboración e posta en marcha dos Plans de Acción da Reserva.
4. Seguimento do logro dos obxectivos anuais.
5. Recoller as propostas dos seus membros co obxectivo de mellorar a Xestión da Reserva da Biosfera.
6. Supervisar as actuacións levadas a cabo e o seu desenvolvemento.

Reunión de traballo grandes empresas e fundacións do territorio da Reserva da Biosfera

O día 24 de setembro reuníronse no Castelo de Santa Cruz (sede do CEIDA) representantes de empresas e institucións con representantes da Reserva da Biosfera. Os responsables das empresas ofreceron a súa disposición para colaborar co Plan de Xestión, que lles foi presentado nesta xornada de traballo.

Esta reunión foi organizada polo CEIDA co apoio da Fundación Biodiversidad e a Asociación Mariñas – Betanzos.

Estiveron presentes representantes de grandes empresas como Inditex, Repsol, Emalcsa, Grupo Proinsa, Portomuiños e de entidades como Fundación Paideia, Fundación Juana de Vega, Afundación, Fundación BBVA, Autoridade Portuaria de A Coruña, ademais do Concello de A Coruña. Dende a Reserva da Biosfera convidouse a todas estas entidades a participar no Comité de Participación.



Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Na primeira reunión do Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, acordouse traballar na elaboración dun Plan de Xestión (2013-2017) a cinco anos que concrete as accións recollidas no Plan de Acción (2013-2022). Este Plan de Xestión foi aprobado pola Xunta Directiva, celebrada o día 10 de novembro de 2014.

O Plan de Xestión estruturase nas seguintes liñas de acción:

Xestión adaptativa, comunicación e cooperación

Conservación dos recursos naturais e patrimoniais

Sostibilidade do medio rural e do medio mariño, producións e servizos

Ciencia e desenvolvemento de capacidades

Entorno socioeconómico, emprego e cambio climático

Asegurar a recuperación, conservación e protección dos valores ambientais e culturais do territorio, así como fomentar o aproveitamento sostible dos recursos naturais.



Difusión, sensibilización e participación na formulación do Plan de Xestión

Seminario Técnico. Emprego e Desenvolvemento Local

Dirixido aos técnicos de emprego do territorio para dar a coñecer o borrador do Plan de Xestión, así como as normas de execución do Programa LEADER durante os anos 2014-2015 e fortalecer o traballo en rede entre os axentes de emprego e desenvolvemento local municipais, o equipo técnico da Asociación Mariñas – Betanzos e o Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

Data	4 de febreiro de 2014
Lugar	Salón de Plenos do Concello de Abegondo
Obxectivos	Mellorar o coñecemento das ferramentas e instrumentos para o apoio á xeración de emprego no territorio de Mariñas – Betanzos. Deseñar accións conxuntas para mellorar a creación de emprego para a súa posta en marcha entre concellos e a Asociación “Mariñas – Betanzos”.
Desenvolvemento	Presentouse o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera, que incorpora liñas de acción para o apoio e fomento do emprego e o emprendemento sostible. Informouse dos principais cambios incorporados para a execución do Programa Leader para os anos 2014-2015, facendo especial fincapé nos proxectos susceptibles de financiarse a través deste Programa.

Data	11 de febreiro de 2014
Lugar	Salón de Plenos do Concello de Abegondo
Obxectivos	Oportunidades que a Reserva da Biosfera pode proporcionar para lograr un desenvolvemento sostible no territorio respectuoso co medio natural, ademáis da procura dun turismo sostible. Programa Leader 2014-2015
Desenvolvemento	Presentouse o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera, que incorpora liñas de acción como a conservación e restauración do medio natural, así como a sostibilidade do medio rural, a pesca e o marisqueo coa biodiversidade.

Seminario Técnico. Medio Ambiente e Turismo

Dirixido aos técnicos de medio ambiente e turismo do territorio. Fortalecer o traballo en rede entre os técnicos de medio ambiente e turismo municipais e a Asociación. Deseñar accións conxuntas para o fomento dun turismo sostible e a súa posta en marcha entre os Concellos e a Asociación.



Reunión XII Consello Xestores da Rede Española Reservas Biosfera

O día 10 de abril no Pazo de Mariñán en Bergondo, fomos a Reserva anfitriona da reunión anual do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas de Biosfera, onde se falou do proxecto de Fenoloxía na RERB, no que estamos a participar, do proxecto piloto de sinalización e o convenio coa OAPN, entre outros temas. Nesta mesma reunión tamén se renovaron os cargos de representación do Consello de Xestores das Reservas Españolas.



Seminario Oportunidades de financiamento de proxectos

Seminario deseñado co obxecto de identificar as oportunidades de financiamento que se abren no período de programación europea de axudas (2014-2020), para a formulación e desenvolvemento de proxectos dirixidos a mellorar a calidade de vida da poboación local, á mellora medioambiental, á valorización das producións locais, ou a impulsar a xeración de emprego.

Data	11 de abril de 2014
Lugar	Pazo de Mariñán (Concello de Bergondo)
Obxectivos	Dar a coñecer aos axentes locais do territorio as oportunidades que representan estas liñas de axuda para a posta en marcha de proxectos.
Desenvolvemento	Presentouse o marco financeiro, xurídico e común europeo e estatal para a presentación de proxectos. Servir de foro de debate sobre os principais retos que se presentan nos territorios rurais e para a articulación de propostas que poidan ter encaixe nestas convocatorias.



A Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, ten unha presenza activa nas Redes Sociais, tanto para difusión das súas actividades como información puntual sobre a Reserva da Biosfera aos socios e habitantes da Reserva.

Difusión nas redes sociais

FACEBOOK <https://www.facebook.com/ADR.MARINASBETANZOS>



TWITTER <https://twitter.com/marinashbetanzos.com/>





PÁXINA WEB

<https://biosferamarinasbetanzos.wordpress.com>



RADIO GALEGA EN IMAXES

Os días 11 e 14 de outubro fixéronse dende o Concello de Abegondo, dous programas especiais da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo



BOLETÍN DIVULGATIVOS

<https://biosferamarinasbetanzos.wordpress.com/>



<http://www.marinashbetanzos.com/2014/03/video-sobre-as-reservas-de-biosfera.html>

<http://www.biosferamarinasmandeo.com/2013/05/video-reserva-da-biosfera-marinash.html>



- Qué ver
- Mi canal
- Mis suscripciones
- Historial
- Ver más tarde



Impulso á creación da Rede Galega Reservas de Biosfera

O día 16 de setembro de 2014 celebrouse na Casa do Concello de Allariz unha reunión entre as seis Reservas de Biosfera Galegas: Allariz; Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo; Ancares lucenses e montes de Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño e Xurés-Gerês. O obxecto principal desta reunión era plantexar a posible creación dunha Asociación Galega de Reservas de Biosfera.

Para elo téñense redactado un borrador de Estatutos que se enviaron ás seis entidades, e que foi enviado a todos os membros da Xunta Directiva de Mariñas - Betanzos para debater na reunión do día 13 de outubro de 2014.

A sede social proposta para esta Rede Galega sería o Castelo de Santa Cruz en Oleiros (sede do Centro de Divulgación Ambiental de Galicia – Ceida). A persoa que representaría á Reserva da Biosfera nesta Rede Galega, sería o Presidente do Consello de Dirección.



Xurado:

- † D. José Antonio Santiso Miramontes. Presidente Consello Dirección da Reserva da Biosfera “MCeTM”.
- † D. Cesar Longo Queijo. Vicepresidente GDR “Mariñas – Betanzos”
- † Dña. Antonia Anido Díaz. Presidenta da Asociación Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE).

2 membros do Comité Científico da Reserva da Biosfera:

- † D. Jerónimo Puertas Agudo. Universidade da Coruña.
- † D. Juan Fernando Castro Insua. Centro Investigacións Agrarias de Mabegondo.

6 membros Comité Executivo Reserva da Biosfera:

Mesa Institucional:

- † D. Carlos Vales Vázquez. Ceida

Mesa Turismo e da Hostalería:

- † D. José Soto Martínez. Asociación Turismo Sostible de A Coruña.

Mesa Agraria, gandeira e cooperativa:

- † D. Antonio Buyo Mosquera. Asociación de Viticultores e Adegoeiros de Betanzos e Comarca.

Mesa Pesca, Marisqueo, Acuicultura:

- † Dña. María José Crespo Fraga. Confraría de Pescadores de Miño.

Mesa Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, ANPAS:

- † D. José Juan Rico Rodríguez. Val de Aranga Asociación.
- † D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro. Cultura Aberta de Carral.

Concurso Ideas Logotipo Reserva Biosfera MCeTM

Coa colaboración da Asociación de Empresarios de Betanzos e Comarca púxose en marcha o Concurso de Ideas para o deseño do logotipo que servirá de imaxe da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” non só na difusión de información da Reserva de nas súas actividades, e dos produtos e servizos que se agrupen nunha futura marca de calidade. Os criterios que se tiveron en conta á hora de seleccionar a proposta foron:

- Valores que representa a Reserva da Biosfera.
- Orixinalidade e creatividade.
- Adaptación aos diferentes soportes de difusión.

O prazo de propostas remataba o 30 de xuño, sendo ampliado ata o 30 de outubro.

En total recibíronse 44 propostas. Fixéronse entrega dos premios o día 27 de novembro no Edificio Liceo de Betanzos ás tres persoas gañadoras, onde estivo a Presidenta da Asociación, Antonia Anido, acompañada polo Alcalde de Betanzos e diversos compoñentes do xurado.

Propostas gañadoras:



Roberto Taibo Núñez



Loreto Giménez Campos



Laura Fernández Fernández

Sinalización Reserva Biosfera (1ª fase)



Dende o Organismo autónomo de Parques Nacionais (OAPN) asinouse un

convenio de colaboración coa Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", co obxecto de deseñar e desenvolver un proxecto piloto de sinalización nas principais redes viarias de entrada á Reserva de Biosfera.

A Reserva foi representada polo Consorcio As Mariñas na sinatura deste Convenio. Parte do financiamento para desenvolver esta sinalización achegárase dende o Programa LEADER 2007-2013.

Sinalización SISTHO (Sistema sinalización turística homologada) en vías competencia estatal:

VIA	PUNTO KILOMÉTRICO	CONCELLO	DIRECCIÓN	COMPETENCIA
A-6	540	Aranga	Madrid-Coruña	Ministerio Fomento
AP-9	33	Abegondo	Santiago –A Coruña	Ministerio Fomento
AP-9	14	Miño	Ferrol-A Coruña	Ministerio Fomento
N-550	25	Carral	Santiago-A Coruña	Ministerio Fomento
N-651	14	Miño	Fene-Betanzos	Ministerio Fomento
N-550	7	Culleredo	Rotonda aeroporto (Alvedro)	Ministerio Fomento

Dentro deste mesmo convenio tamén se contempla unha **Sinalización complementaria**.

Colocación Paneis informativos, adaptados ao Manual de Sinalización Rede Española de Reservas da Biosfera

RED ESPAÑOLA DE RESERVAS DE LA BIOSFERA

RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Garza real, garza real, *Ardea cinerea*

Ten o lombo e as ás esencialmente grises. O bico é longo e forte como un arpón, de cor amarela. As patas son longas e amarelas. Ten unha longa crista e unha raiá xunta ao ollo negras. O resto do corpo é branco.

Pode permanecer inmóbil durante longos períodos de tempo agardando unha presa. Na ría aliméntase de peixes. Voa arqueando as súas anchas ás, co pescozo encollido e as patas estendidas. Pola noite dorme en grupos nas árbores da beira de Oleiros.

Aquí na ría do Burgo pódese ver todo o ano, pero é moi escasa a finais da primavera e principios do verán. Non cría na ría. Os exemplares que vexas aquí son invernantes ou migradores.







Código QR para acceso a máis información sobre a Reserva.




Está prevista a colocación de paneis informativos coas seguintes temáticas e lugares:

- a) Paneis en Centros de Interpretación ambiental.
- b) Paneis de Turismo ornitológico na Ría do Burgo.
- c) Panel Ruta das adegas "Viño Terra de Betanzos"
- d) Paneis informativos sobre a Reserva da Biosfera en Concellos.

publicacións



O material divulgativo constitúe unha acción difusa e xeneralista, co obxectivo de dotar de presenza real á Reserva da Biosfera ante os cidadáns e os visitantes, mediante publicacións que dan información sobre os obxectivos e accións a levar a cabo.



A RESERVA DA BIOSFERA EN FORMATO COMESTIBLE

As rías nos agasalan cos mexillóns, algas, ameixas.... e da terra velen os queixos, marmeladas, mel, e as variedades locais da horta como o Repolo de Betanzos, a Cebola Chata de Miño, ou o Tomate Negro de Santiago.... Pero hoi que recolectar tomén os afamados agardentes, xunto cos viños Brancos Lexítimo os da Terra de Betanzos ou Pan de Carral...

Dende a Reserva traballamos para a constitución dunha **Marca de Calidade** para estes produtos, así como de mellorar a súa comercialización nos circuitos de proximidade.



Mexillóns de Lorbé



Pan de Carral

Queixos en Alagande

A HISTORIA PERVIVE EN MONUMENTOS E PAISAXES ESPECTACULARES



Construcións romanas, pazos, mosteiros, castros, igrexas, castelos, todos eles relatán historias doutros tempos.

O casco vello de Betanzos, xola do gótico galego, ou a Pazo de Mariñán son de abrigada visita, ampla herdanza dos antigos habitantes das Marinhas, dos Condes e dos Frades así como do **Señorío dos Andrade**.



Sa. María de Cambre



Casa Recreol de Oza, Oza - Cesuras

MULTITUDE DE ACTIVIDADES POR DESCUBRIR



Pría de Valdeira, Arca



Observatorio Ornitolóxico do Mandeo, Poderns

Gezar dunha ruta de sendeirismo coñecendo polo Mandeo, percorrer unha etapa do **Camiño Inglés** a Compostela, practicar vela ou visitar fábricas de elaboración de queixos e mel... son unha mínima mostra das actividades de lecer que poderás realizar.

ECONOMÍA E NATUREZA CAMIÑAN XUNTAS



Escora de Casteira, Alagande

A Reserva da Biosfera promove o **desenvolvemento sostible** do territorio, estimulando e fortalecendo un turismo respectuoso e dando renome a empresas e a produtos. Existen estreitos para compatibilizar este desenvolvemento sostible coa mellora da **calidade de vida** da poboación e a rehabilitación e protección do patrimonio cultural e natural



Estreito do Río Saco, Miño

II. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS



Divulgación e educación ambiental

I Maratón Ornitolóxica da Reserva da Biosfera MCEM.

Organizada polo GDR “Mariñas Betanzos” en colaboración co Grupo Naturalista Habitat. Actividade lúdica consistente en identificar por equipos o maior número de aves silvestres nun tempo determinados, dentro de cada un dos municipios do territorio da Reserva da Biosfera.

Data	15 de marzo de 2014
Lugar	Concellos da Reserva da Biosfera
Obxectivos	Poñer en valor a biodiversidade e o atractivo natural desta singular Reserva; Atraer as investigacións científicas ó territorio da Reserva de Biosfera; Potenciar o turismo natural.
Desenvolvemento	Participaron todas as persoas, sen límite de idade. A maratón deu comezo ás 7 horas rematando ás 19 horas. Unha rematada os equipos tiñan que estar no “punto de encontro” ubicado no Concello de Arteixo, onde se realizou a comprobación das especies avistadas, e o reconto de puntos e entrega de diplomas.



Día da árbore

A Asociación “Mariñas – Betanzos”, colaborou nos actos polo **DÍA DA ÁRBORE**, en colaboración cos 17 concellos que conforman a Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Neste ano 2014, a celebración foi especial para o noso territorio, xa que era a primeira vez que se celebraba este día dende o recoñecemento internacional outorgado pola UNESCO.



Data	21 de marzo de 2014
Lugar	17 concellos do ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos”
Obxectivos	Fomentar a plantación de árbores autóctonas e das variedades locais. Conservación das áreas naturais do territorio. Sensibilización e fomento da educación ambiental.
Desenvolvemento	A actividade central do día consistiu, na plantación simbólica de 350 castiñeiros, cedidos pola Xunta de Galicia. Contouse coa participación de escolares e leváronse a cabo outro tipo de acción complementarias como charlas de divulgación ambiental, murais...



Plantación simbólica, coa idea de que eses soutos nos que se criaron os nosos avós, poidan disfrutalos os nosos netos.

Trátase de non comprometer as xeracións futuras e que os nosos descendentes poidan disfrutar da nai natureza, da súa beleza e dos recursos que nos reportan.

I Xornadas Patrimonio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo



Coa colaboración da Asociación Roxín Roxal, déronse a coñecer e contrastar experiencias reais daquelas asociacións e colectivos que deron o paso da divulgación á intervención en materia de patrimonio cultural.



Data	5 e 6 de abril de 2014
Lugar	Salón Azul do Edificio Liceo (Betanzos)
Obxectivos	Explicouse como se xestou e levou a cabo a recuperación da capela do Monte da Estrela, así como se xurdiu e se desenvolveron as campañas arqueolóxicas en Boebre, Pena Furada ou Carnota.
Desenvolvemento	Presentouse o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera, que incorpora liñas de acción para o apoio e fomento do emprego e o emprendemento sostible. Informouse dos principais cambios incorporados para a execución do Programa Leader para os anos 2014-2015, facendo especial fincapé nos proxectos susceptibles de financiarse a través deste Programa.

III Semana Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.



Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, a Asociación Mariñas Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organizou esta actividade, na que se desenvolveron conferencias e accións de voluntariado ambiental. Esta terceira edición tiña como fin amosar unha serie de iniciativas para fomentar na bisbarra unha cultura de conservación da biodiversidade.



Data	Do 20 ao 28 de setembro de 2014
Lugar	Betanzos, Pademe e Coirós
Obxectivos	Dar a coñecer algunhas das especies de animais e plantas presentes no territorio da Reserva da Biosfera que precisan de atención e coidados por estaren ameazados.
Desenvolvemento	■ Xornada Custodia do Territorio e conservación: Retos na preservación da biodiversidade mariñán. ■ Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda ■ Conferencia: A ameaza de especies exóticas invasoras nas Mariñas ■ Eco-Regata na ría de Betanzos: competición lúdica de embarcacións recollendo lixo na xunqueira. ■ Limpeza do río Mendo (dende Ponte das Moas até Roibeira)

Xornada o Gato Bravo en Galicia

Especie do ano 2014 na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Organizada pola Asociación Mariñas Betanzos coa colaboración do Grupo Naturalista Hábitat, tiña como obxecto principal sensibilizar á cidadanía sobre esta especie vulnerable e singular do territorio da Reserva de Biosfera.

Data	4 de outubro de 2014
Lugar	Forum Metropolitano. A Coruña
Obxectivos	Fomento da participación cidadá neste tipo de iniciativas de educación ambiental.
Desenvolvemento	Durante a Xornada diversos investigadores falan sobre esta especie presente en Galicia. Necesario actualizar, alomenos parcialmente, o coñecemento sobre a súa distribución e abundancia, os seus hábitats, as ameazas ás que se expón actualmente, así como difundir o Proxecto Bravo en Galicia.



O Gato Bravo *Felis silvestris* (Schreber, 1777) é un carnívoro da familia dos félidos. Parécese a un gato listado doméstico, aínda que máis corpulento e de maior tamaño: uns 90 cm de longo, 38 de alto e 5 kg de peso. A cabeza é ancha e o fociño curto, con orellas pequenas e ollos verdosos ou ambar.

Dende a Asociación, lévanse a cabo diferentes actividades, que permiten plantexar propostas de mellora para un adecuado desenvolvemento económico e social que redunde positivamente no posicionamento competitivo do territorio. Para elo se pretende traballar en novas áreas, buscando o financiamento noutros Programas.

Deseño Candidaturas Programa Life 2014.



“Life Fluvial”

Situación: Pendente resolución. Obxectivo: Mellora do estado de conservación dos tipos de hábitat de interese comunitario de corredores fluviais en espazos da Rede Natura 2000 sitios nas Reservas de Biosfera Galaico-Asturianas.

Entidade Coordinadora: Universidade Oviedo.

Socios: Asociación Mariñas Betanzos; Emalcsa; IBADER; Empresa de Transformación Agraria S.A.; Deputación de Lugo e Concello de Ribadeo.

“SLURRY Showing the Lev of Utility for the Residues from faRming industrY2”

Situación: Pendente resolución. Obxectivo: Mellora xestión dos puríns no territorio da Reserva da Biosfera MCeTM. Acadar a sostibilidade económica e ecolóxica do emprego de puríns na actividade agraria.

Entidade Coordinadora: Asociación Mariñas Betanzos

Socios: Instituto Universitario Medio Ambiente. Grupo Química Aplicada (UDC); Universidade Santiago de Compostela; Centro de Investigacións Agrarias Mabegondo.

Aplicación para dispositivos móbiles (APP). Fecyt 2014

“Biodiversidade na Reserva da Biosfera MCeTM: Identificación e seguimento de especies”



Accións:

Elaboración de guía para presentación do proxecto; Difusión e medios de comunicación.; Realización de taller; Presentación pública do proxecto; Deseño e desenvolvemento espazo web; Aplicación para dispositivos móbiles, para a recollida de datos en campo; Publicación de resultados en revista científica.

A executar no ano 2015.

III. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL E MARIÑO, PRODUCIÓNS E SERVIZOS



Redes, Cooperación e colaboración

Calidade Agroalimentaria. Síñais identidade territorios rurais (2011-2014)



RUTA DAS ADEGAS Viño da terra de Betanzos

PROCESO PRODUTIVO



Actuacións:

1. Avaliación de industrias agroalimentarias: Viña Ártabra; Bodegas Rilo; Adegas Codeseira; Lorenzo Bescansa; Bodegas Eladio e Adega Beade.
2. Avaliación da creación dunha ruta do viño. Visita á Ribeira Sacra.
4. Visita alumnos Programa Integrado Emprego "Rural Emprega" á Adega Casa Beade, S.L. en Paderne.
5. Elaboración do borrador de Manual de Ruta das Adegas.
6. Proposta de constitución dunha Asociación sectorial.
7. Elaboración de panel de proceso produtivo de elaboración do Viño.

Rede Asturgallega Industrias Agroalimentarias: Estratexias para innovación 2011-2014



Actuacións:



1. Marca de calidade "Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".
2. Auditorías enerxéticas a empresas do territorio.
3. Estudo de eficiencia enerxética no CIAM. Acordo de colaboración coa empresa "Inteaga Enxeñería-Consultoría" co Centro de Investigacións Agrarias para a realización dun estudo de eficiencia enerxética nas instalacións do CIAM.
4. Xornadas agroalimentarias no territorio.
5. Reunión con adegas integradas na IXP "Viño da Terra de Betanzos" para consensuar prego de condicións do Viño da Marca "Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".
6. Avaliacións enerxéticas a empresas do territorio: Casa Beade, S.L.; Queixos Cagiao; Panadería da Cunha; Helados Gael.



Difusión produtos agroalimentarios locais

Mostra de Branco Lexítimo



A Asociación Mariñas Betanzos colaborou co Concello de Paderne, na celebración desta Mostra os días 5 e 6 de xullo de 2014.

Impulso ao coñecemento e ao aprecio cualitativo do viño elaborado coa variedade "Branco Lexítimo" por medio de catas comentadas.



XII Festa do Pan de Carral.



A Asociación Mariñas Betanzos colaborou co Concello de Carral e coa Asociación de Panadeiros de Carral, na promoción do Pan de Carral os días 10 e 11 de maio 2014.

II Feira Ecological Galicia.

Produtores ecolóxicos da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, participaron neste punto de encontro de produtores ecolóxicos en Cambados (Pontevedra) do 7 ao 10 de agosto de 2014.



II Mostra de Viños e Produtos das Mariñas. 9 e 10 de agosto 2014



Produtores ecolóxicos da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e os seis adegoeiros de "Viño da Terra de Betanzos" estiveron en Betanzos os días 9 e 10 de agosto de 2014 promocionando os seus produtos.



Biosfera e Saúde

Seminario no que se puido analizar a posta en marcha de menús nos colexios, baseados nos produtos locais, ecolóxicos e nos circuitos curtos de comercialización.

Data	30 e 31 de maio de 2014
Lugar	Aula de Cociña Portomuiños (Cambre) Costa de Dexo (Oleiros)
Obxectivos	Fomento da marcha nórdica e dos seus beneficios para a saúde. Promover hábitos de vida saudables, a gastronomía e os produtos locais.
Desenvolvemento	Falouse de cómo un espazo natural pode proporcionar beneficios para a saúde e o benestar das persoas, a través do cumprimento dos seus obxectivos de conservación de patrimonio natural. Tratouse a temática da alimentación saudable e a importancia do exercicio físico..



Trail Terras Mandeo: Mandeo Reserva Biosfera. Comercio Betanzos

Organizada pola Asociación de Empresarios e Comerciantes de Betanzos, coa colaboración do Concello de Betanzos e a Asociación Mariñas – Betanzos. Consta de 18.000 metros. Era unha pobra pedestre técnica que discorreu polos Concellos de Betanzos, Coiros e Paderne. O número de inscritos foi de 324

Presentación e etiquetado dos produtos agroalimentarios

Actuacións coas empresas agroalimentarias ubicadas no medio rural, proporcionándolles solucións innovadoras que permitan mellorar a súa competitividade. Apoio a novas presentacións comerciais e á aposta polo marketing. A óptica dende a que se contemplou esta xornada era a de a busca de melloras competitivas nas agroindustrias a través da presentación, etiquetado e envasado dos seus produtos.

Data	9 de xullo de 2014
Lugar	Salón de Plenos do Concello de Paderne
Obxectivos	Actualizar ás pequenas industrias agroalimentarias do territorio Mariñas – Betanzos, no competitivo terreo do marketing e a publicidade.
Desenvolvemento	Nesta xornada falouse do etiquetado como ferramenta de diferenciación; das estratexias de marketing para as pemes agroalimentarias; do envasado e da incidencia ambiental.



Xornada Formativa: A qué sabe a Biosfera?

Data	30 de setembro de 2014
Lugar	Aula do Mar. Faros de Mera (Concello Oleiros)
Obxectivos	Trasladar información aos profesionais dos medios de comunicación sobre a Reserva da Biosfera.
Desenvolvemento	Actividade práctica de coñecemento da Reserva da Biosfera e do futuro Plan de Xestión da mesma. Mostra e pequena degustación de produtos locais susceptibles de incorporarse á futura marca de calidade.

Organizada polo Centro de Divulgación Ambiental Galicia – CEIDA- co apoio da *Fundación Biodiversidad e a* para medios de comunicación e outros profesionais relacionados foi organizada polo CEIDA e a Asociación Mariñas – Betanzos.



IV. CIENCIA E DESENVOLVIMENTO DE CAPACIDADES



Educación ambiental

Mesa de traballo: Os equipamentos de educación ambiental



Enmarcada dentro do proxecto da Fundación Biodiversidade do Centro de Extensión e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), en colaboración coa Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

Celebrouse o 29 de xullo no Castelo de Santa Cruz, Liáns (Oleiros).

Nesta mesa de traballo, realizouse unha breve presentación dos equipamentos de educación ambiental do ámbito xeográfico da Reserva da Biosfera MCeTM.

Aula do Mar (Oleiros)

Centro de Formación e Interpretación dos valores etnográficos do Río Mandeo (Teixeiro, Curtis)

Aula de Natureza Muíño Vello (Arteixo):

Aula de Natureza de Crendes (Abegondo)

Aula da Natureza do Río Mandeo, Chelo (Coirós):

Centro de Extensión e Divulgación Ambiental de Galicia, CEIDA (Oleiros)



Presentación da Reserva Biosfera: Escola de Turismo



O 27 de novembro alumnado da materia de xestión turística do Patrimonio, da Universidade da Coruña visitaron o Centro de Formación e Interpretación dos Valores Etnográficos do Mandeo en Teixeira, o Centro Etnográfico de Chelo en Coirós, e visitaron unha queixería tradicional e unha das adegas de “Viño da Terra de Betanzos”, onde coñeceron de primeira man as oportunidades que se abren para o territorio, tras a declaración como Reserva Mundial da Biosfera, así como o enorme potencial desta área para desenvolver un turismo sostible.

Centros Escolares

Realizáronse xornadas nos distintos centros escolares do territorio co obxectivo de transmitir á xuventude o significado de formar parte da Reserva de Biosfera, animar ós escolares a participar no Concurso de ideas para propoñer o logotipo da Reserva de Biosfera, ademais de tratar que esta visita sexa unha ferramenta útil para contribuír á educación ambiental.

Este tipo de actividades co público máis xove é fundamental para asegurar que no futuro, a sociedade recoñeza os valores que inspiran a Reserva, e acadar un desenvolvemento socioeconómico sostible do territorio.

Centros escolares	Concello
CEIP da Castellana	Aranga
CPI Cruz do Sar	Bergondo
IES María Casares	Oleiros
IES Isaac Díaz Pardo	Sada
IES Viós	Abegondo
IES Manuel Murguía	Arteixo
IES de Curtis	Curtis



Para avanzar neste proceso, solicitouse a implicación dos Concellos e doutros axentes do territorio, para facilitar e propoñer aqueles colexios de educación secundaria obrigatoria no que desenvolver estas actividades.

Programa Educación Ambiental, Comunicación e Participación Pública

Tense elaborado un Programa de Educación Ambiental, Comunicación e Participación Pública, que aglutina todas as iniciativas de educación ambiental e comunicación ligadas á Reserva de Biosfera e aos seus recursos, co obxectivo de facilitar e fomentar a participación pública e mellorar o coñecemento da poboación en xeral.

Demandouse a colaboración das entidades ambientalistas, técnicos, consultoras ambientais e todas as persoas e/ou entidades que puxeran en marcha iniciativas ligadas á Reserva de Biosfera e aos seus recursos.

Está dispoñible na web: <https://biosferamarinasbetanzos.wordpress.com/>



V. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPRENDEMENTO E CAMBIO CLIMÁTICO



O Programa LEADER como ferramenta de dinamización económica



A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) asignou 862.260,91.-€ na anualidade 2014 á Asociación Mariñas-Betanzos para o desenvolvemento de proxectos produtivos e non produtivos no territorio que se recolle no Plan Financeiro do Programa Leader.



Obxectivos:

Aplicar as axudas dos Fondos Feader do Programa Leader 2007-2013 en base a estratexia do Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, para que contribúan aos obxectivos da Reserva de Biosfera.

Resultados obtidos ano 2014:

- 1.- Os proxectos certificados neste ano foron 24, dando lugar a investimentos no territorio por importe de 2.157.824,74.-€.
- 2.- Os promotores, unha vez xustificada a súa execución ante Agader, devengaron o cobro de axudas por importe de 814.750,38.-€
- 3.- A execución destes proxectos incidiu positivamente na creación de emprego no territorio. Os promotores non poden destruír emprego para poder cobrar a axuda do Programa Leader polo que adquiren o compromiso de consolidación de emprego. Os empregos consolidados ascenden a 218,77 empregos.
- 4.- O compromiso adquirido de creación de emprego dos proxectos executados na anualidade 2014 ascenden a 17,5 empregos. O 98,57% dos empregos pertencen a colectivos desfavorecidos (mulleres, mozos menores de 40 anos, discapacitados, inmigrantes e parados de longa duración).

VER ANEXO I. LISTADO PROXECTOS LEADER



Programas Integrados para o Emprego

A Asociación Mariñas-Betanzos leva dende o ano 2011 traballando no fomento da inserción laboral no eido agroalimentario a través dos Programas Integrados para o Emprego impulsados dende a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Se ten proporcionado e se está a proporcionar apoio á inserción laboral a un total de 260 persoas desempregadas, con actuacións centradas na formación teórico/práctica, prácticas en empresas e intermediación laboral. Desde un primeiro momento, o eido agroalimentario supuxo o eixo fundamental a través do cal se articulaban as diferentes actividades desenvoltas. Así, dende a produción hortícola ecolóxica (cunha significativa potencialidade no territorio) ata a procura da fixación de valor engadido no territorio por medio da elaboración de transformados agroindustriais supuxeron os principais campos de traballo enmarcados nos Programas Integrados.



Co obxectivo do fomento do autoemprego e da creación de pemes foron incluídas dinámicas de traballo dirixidas ao emprendemento, co apoio ao desenvolvemento de plans de empresa, colaboración multidisciplinar e seminarios titorizados por un amplo abano de expertos en diferentes materias relacionadas coa finalidade pretendida.



Programa Rural Emprende (2013-2014)

Obxectivo: Dar formación teórico/práctica a desempregados baixo a visión da agricultura ecolóxica como principal elemento diferenciador.

Entidades colaboradoras:

IGAPE

Fundación Juana de Vega

Participantes: 60

29 homes e 31 mulleres

Inicio: 11/12/2013

Remate: 31/07/2014



Actuacións levadas a cabo no 2014:

- Información, orientación e intermediación laboral a través da rede: <http://ruralemprende.blogspot.com.es/>
- Xornadas Técnicas dirixidas aos participantes no Programa Integrado.
- Presentación de proxectos “Aprender a Emprender”: Visitas a experiencias demostrativas durante o 2014: Finca Bouzón e Casa Vilarullo no Concello de Curtis e Elia Rodríguez Álvarez no Concello de Ribadeo.
- Prácticas dos participantes en empresas do territorio: Prácticas non laborais en empresas do territorio cunha duración mínima de 75 horas. Maio 2014
- Bolsa de Terras da Reserva da Biosfera. Iniciativa para facilitar ás persoas interesadas o acceso a terras para por en marcha os proxectos de emprendemento agrícola.
- Dinámicas de apoio a iniciativas emprendedoras
- Clausura do Programa Integrado e entrega de Diplomas acreditativos.

Presentación de proxectos “Aprender a Emprender”



O 19 de maio de 2014, convocouse aos participantes para facerlles entrega dun Diploma acreditativo da formación teórico/práctica recibida. Ademais, todos os asistentes recibiron gravada nun lapis de memoria a totalidade da documentación impartida durante o programa. Os diplomas foron entregados aos participantes pola Directora Xeral de Emprego Formación, Ana Mª Díaz e polo Presidente de Mariñas Betanzos, José Antonio Santiso.

Xornada de presentación dos proxectos de emprendemento celebrada o día 27 de xuño na sede da Fundación Juana de Vega. Os participantes do Itinerario III “Aprender a emprender” tiveron a ocasión de presentar as súas ideas de emprendemento ante distintos axentes con posible implicación na posta en marcha dos mesmos (alcaldes, técnicos de emprego, técnicos de Oficinas Agrarias Comarcais, directores de sucursais bancarias, representantes de asociacións de xoves empresarios).



Programa Biosfera – Emprega (2014-2015)

A xeración de emprego no territorio é unha das prioridades da Asociación Mariñas Betanzos e a experiencia destes últimos anos demostrou que o campo conta cun gran potencial para propiciar o emprendemento ou para atopar unha nova vida laboral para persoas desempregadas na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

En novembro de 2014 comezou a súa andadura o cuarto Programa de Emprego, dirixido a 75 persoas desempregadas dos 17 municipios que compoñen a Reserva da Biosferas MCeTM e que rematará a mediados do ano 2015, entre eles desempregados de longa duración, menores de 30 anos, inmigrantes, persoas con discapacidade e mulleres.

A selección de participantes levouse a cabo coordinadamente co Servizo Público de Emprego durante os meses de outubro e novembro de 2014, convocando a máis de 250 persoas en Abegondo, co obxecto de informalas deste novo Programa Integrado de Emprego e escoller os 75 participantes.

O Programa está estruturado en tres itinerarios de 25 persoas cada un. O primeiro inclúe formación en produción hortofrutícola ecolóxica, traballando na inserción de novos produtos como a mazá e o kiwi; o segundo aborda formación en agroindustria e transformados como sidra e zumes e o terceiro adentrarase no chamado “emprendemento verde”, sendo as actuacións deste Itinerario a produción de biomasa, a bioconstrución e a reutilización de residuos sólidos urbanos.

Así mesmo, para poñer en práctica esta formación, os participantes poderán demostrar os seus coñecementos en diversas empresas da comarca.

<http://biosferaemprega.blogspot.com.es/>

O 18 de novembro, tivo lugar na Aula de Formación O Naranxo (Abegondo) o acto de inauguración e inicio do Itinerario I “Produción hortofrutícola ecolóxica”.

O Presidente da Asociación, José A. Santiso, dou a benvida aos participantes e aproveitou para lembrar o potencial que ten a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras ligadas á produción agroecolóxica.

Neste acto contouse coa presenza de Xan Pouliquen, formador encargado dos contidos teóricos ligados á Agricultura Ecolóxica e dos técnicos deste Programa Integrado, Diego Miranda e Miguel Fernández.

No contexto económico actual, a xeración de iniciativas emprendedoras ligadas ao aproveitamento sostible dos recursos naturais, como é a agricultura ecolóxica e a comercialización das producións nos circuítos curtos, representa unha oportunidade para a creación de emprego.



Plan Alimentario Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2014-2017)

A Fundación Biodiversidade ten aprobado este proxecto no ano 2014, baseado na conservación da biodiversidade, o consumo responsable e o emprego verde.

O territorio da Reserva de Biosfera, considerado historicamente como a horta da cidade da Coruña, conta cun enorme potencial de produción agraria o que representa unha oportunidade para o desenvolvemento socioeconómico do territorio e a creación de emprego.

O proxecto pretende, co apoio da Fundación Biodiversidade e do Programa LEADER, o desenvolvemento dunha estratexia alimentaria na Reserva que estimule a produción, transformación e consumo de produtos locais, coa posibilidade da súa posta en valor a través da Marca de Calidade “Reserva da Biosfera” que axude a desenvolver os circuitos curtos como estratexia de comercialización.


A posta en marcha dun Plan Alimentario Local na Reserva da Biosfera, contribúe a potenciar outras liñas de acción, como o fomento do emprendemento “verde” a mobilidade de terras a produción ecolóxica, a recuperación de variedades autóctonas, a loita fronte ao cambio climático, a conservación da paisaxe ou o consumo responsable e sostible.



Para a elaboración do Plan Alimentario 2014-2017 constituírse durante o ano 2015 unha Comisión Técnica formada por representantes dos axentes do sistema alimentario no territorio da Reserva para fixar metas e deseñar liñas de acción que contribúan a impulsar o emprego-verde asociado á produción, transformación e consumo de produtos alimentarios locais.

Actuacións a realizar:

1. Elaboración do mapa de orientacións produtivas do territorio.
2. Deseño do Plan alimentario (2014-2017) de xeito participativo.
3. Creación dunha Bolsa de Terras para producir na Reserva.
4. Deseñar un protocolo de acompañamento a emprendedor/a.
5. Alcanzar compromisos de compra-venda de produtos locais.
6. Animación de menús con produtos ecolóxicos nos colexios.



Lanzamento do Proxecto. Reunións Comisións Técnica.

Para a identificación das principais liñas de acción e metas do Plan tense constituído unha Comisión Técnica do Plan Alimentario integrada por representantes dos principais axentes do sistema alimentario do territorio, formada por todos os axentes implicados (produtores locais, restauradores, técnicos agrarios, centros de investigación, fundacións, etc.

Esta Comisión Técnica Tense reunido na Fundación Juana de Vega (Concello de Oleiros) os días 6 de novembro e 2 de decembro cos principais obxectivos:

- Presentación proxecto Plan Alimentario.
- Análise potencialidades e dos problemas do territorio, que será a base informativa para deseñar o Plan de Traballo.
- Presentación Comisión Técnica Alimentaria.
- Creación mesas traballo temáticas.



Na reunión do día **6 de novembro** acordouse a creación de tres mesas de traballo coas seguintes temáticas:

Mesa 1: Producción/transformación: mobilidade de terras, agroecoloxía, producións tradicionais, etc.

Mesa 2: Comercialización en canles curtas: marcas de calidade, menús ecolóxicos en comedores colectivos, mercados locais, etc.

Mesa 3: Formación, asesoramento e innovación: traballo e “emprendemento verde”, necesidade de formación, investigación, apoio a emprendedores, procura de financiamento, etc.

O día **2 de decembro** reuníronse as mesas temáticas de traballo:

Mesa 1: Producción/transformación: mobilidade de terras, agroecoloxía, producións tradicionais, etc.

Os temas que traballaron nesta mesa foron:

Mobilidade de terras; produción agroecolóxica e propostas de actuación para a nave e a finca cedidas polo Concello de Oleiros.

Mesa 2: Comercialización en canles curtas: marcas de calidade, menús ecolóxicos en comedores colectivos, mercados locais, etc.

Os temas que traballaron nesta mesa foron: A Marca de Reserva de Biosfera; Menús ecolóxicos nos centros escolares e propostas de actuación para a nave cedida en Oleiros.



Oportunidades de emprendemento na Biosfera

Xornada de oportunidades dos produtos locais para o emprendemento




Presentouse o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera MCeTM, coma unha oportunidade para o territorio, e como un instrumento para lograr un desenvolvemento sostible no medio rural. Mulleres emprendedoras de producións hortícolas contaron a súa experiencia aos asistentes.

Data	26 de febreiro de 2014
Lugar	Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Concello de Abegondo)
Obxectivo	Constituír un foro de debate no que se xunten produtores, emprendedores e alumnos do Programa Integrado para o emprego "Rural Emprende".
Desenvolvemento	Presentouse aos asistentes o Programa de axudas LEADER e promoción da "Ruta das Adegas do Viño da Terra de Betanzos". Destacouse o enorme valor que supón a unión dos produtores e a posibilidade de formar cooperativas. Promoción comercio proximidade.

Emprendemento verde na Reserva da Biosfera: lúpulo e mazá.

Dentro das grandes liñas de traballo comprendidas no Plan de Xestión da Reserva da Biosfera, a liña estratéxica 5 comprende acción de cara á mellora do entorno socioeconómico do territorio, na busca de novos nichos de "emprendemento verde" e sostible.

Data	6 de maio de 2014
Lugar	Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Concello Abegondo)
Obxectivos	Fomentar o emprendemento e as ideas de negocio no sector da froiticultura; Tratar aspectos técnicos de cultivo de mazá e do lúpulo; Dar a coñecer o Programa LEADER.
Desenvolvemento	Contouse coa participación da Cooperativa de Maceiras do Ulla Ullama; de representantes de LUTEGA de Hijos de Rivera, do CIAM e de Mandeo Xestión que falan da mazá como idea de negocio e do lúpulo coma unha oportunidade para o emprendemento.



Emprendemento verde na Reserva da Biosfera: arando e castaña

Dentro das grandes liñas de traballo comprendidas no Plan de Xestión da Reserva da Biosfera, a liña estratéxica 5 comprende acción de cara á mellora do entorno socioeconómico do territorio, na busca de novos nichos de “emprendemento verde” e sostible.



Data	19de maio de 2014
Lugar	Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo (Concello de Bergondo)
Obxectivos	Fomentar o autoemprego, o emprendemento e promoción do cooperativismo no sector agroalimentario; promoción do desenvolvemento rural e a diversificación das producións, no territorio de Mariñas – Betanzos; Aspectos relacionados co sector do cultivo do arando e castaña; Programa de axudas LEADER.
Desenvolvemento	Contouse coa participación da S.A.T. Fungocerga Agricultura Ecolóxica; de Horticina; de Alibos Galicia, S.L. e da Cooperativa El Plantel que falaban das posibilidades de emprendemento no sector forestal que se abren co cultivo de arando e castaña.

Emprender en feminino na Reserva da Biosfera




Organizada coa colaboración da Asociación de Mulleres e Familias do Ámbito Rural – Amfar Cambre-. A Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, no seu Plan de Xestión recolle unha serie de liñas de apoio ao emprendemento, co fin de procurar un desenvolvemento socioeconómico do territorio. Ademais, procúrase a inserción das mulleres no mercado laboral e o apoio e asesoramento a novas emprendedoras e emprendedores.

Data	11 de xullo de 2014
Lugar	Centro Social de Brexo Lema (Concello Cambre)
Obxectivos	Fomentar o emprendemento entre as mulleres do medio rural; dar a coñecer as axudas do Programa LEADER; Presentar as principais liñas de axuda a mulleres emprendedoras.
Desenvolvemento	Nesta xornada presentáronse os retos da muller traballadora no século XXI; así como mulleres emprendedoras do territorio (Artexana Mondí; Eira da Pereira; Leiralonga e La Huerta de la Almuzara), presentaron os seu proxecto aos asistentes.



Oportunidades de emprendemento: A produción de horta e flor

Data	25 de setembro de 2014
Lugar	Casa do Concello de Paderne
Obxectivos	Dar a coñecer as iniciativas postas en marcha desde a Reserva de Biosfera MCeTM para promover a xeración de iniciativas emprendedoras ligadas ao aproveitamento da terra.
Desenvolvemento	Nesta xornada presentáronse as oportunidades que se presentan no marco da produción hortícola e da produción de flor, para a xeración de emprego e posta en valor das terras agrarias.



Organizada conxuntamente co Concello de Paderne, esta xornada foi deseñada co obxectivo de identificar as oportunidades que representan as producións hortícolas e de flor para a xeración de iniciativas de emprendemento, ligadas á posta en valor das terras agrarias.

Xornadas: Emprendemento Cooperativo na produción agroecolóxica, agroindustria e cosmética

Rede Eusumo



Este ciclo de xornadas enmarcábanse no programa de actuación 2014 da Rede Eusumo. As actividades desenvólta nas que participaron 52 persoas, buscaban xerar interese polo modelo social e cooperativo como vía de emprendemento no ámbito agroecolóxico, da industria e doutras actividades ligadas ao emprendemento verde, como é a elaboración da cosmética e xabóns naturais; a través da presentación das súas claves, e da experimentación dunha metodoloxía colaborativa de traballo na aula.

Data	Do 20 ao 31 de outubro de 2014
Lugar	Aula Formativa O Naranxo (Concello de Abegondo)
Obxectivos	Identificar a oportunidade e promover o cooperativismo como ferramenta para a posta en marcha de proxectos emprendedores no ámbito da produción agroecolóxica, na elaboración de transformados agroindustriais e/ou elaboración de cosmética natural.
Desenvolvemento	A metodoloxía seguida deu forma a un proceso de tres fase. Conformáronse 5 Grupos de traballo, onde na primeira fase identificaban as ideas de negocio posibles en perspectiva cooperativa; nunha segunda coñecían o modelo de empresa cooperativa e nunha terceira fase se realizaba un traballo cooperativa para “modelizar” aquelas ideas de negocio presentadas.



Xornada: A Biomasa forestal como recurso enerxético: unha oportunidade para o emprendemento e a mellora da paisaxe rural



Data	27 de novembro de 2014
Lugar	Fundación Juana de Vega (Oleiros)
Obxectivos	Dar a coñecer as oportunidades de emprendemento ligadas ao aproveitamento da biomasa forestal.
Desenvolvemento	Nesta xornada falou-se da instalación de equipamentos para o aproveitamento da biomasa forestal; das tipoloxías de biomasa forestal; o seu emprego en instalacións públicas e a perspectiva do sector forestal a este uso.



Deseñada co obxectivo de identificar oportunidades de emprendemento ligadas ao aproveitamento da biomasa forestal, así como analizar a viabilidade do fomento do mercado da biomasa con fins enerxéticos na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Xornada Viticultura, Emprendemento e Paisaxe



A viticultura é un xeito de vida e unha ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, pero tamén constitúe un salvoconduto para a preservación da paisaxe e da biodiversidade. O territorio atesoura unha produción vitícola de carácter ancestral, cunha produción e elaboración de viño da que se atopan xa referencias documentadas datadas a principios do século XIV.



Data	18 de decembro de 2014
Lugar	Edificio Liceo do Concello de Betanzos
Obxectivos	Posta en valor e recoñecemento da paisaxe agraria vitícola e da súa biodiversidade asociada; Fomento do emprendemento verde no sector da viticultura; mobilización de viñas e terras agrarias abandonadas e infrautilizadas; fomento do consumo de produtos agroalimentarios en canles curtas.
Desenvolvemento	Relatorios: A paisaxe vitícola na comarca de Betanzos coa Directora da Escola Galega da Paisaxe; Paseando polos Viñedos de Terra de Betanzos por un arquitecto paisaxista; viticultura e emprendemento pola Oficina Agraria Comarcal de Betanzos; Experiencias de emprendemento coas Adegas de Viño de Terra de Betanzos; Cata comentada do Viño da Terra de Betanzos e Degustación de produtos da Reserva da Biosfera.



RESUMO MEMORIA ECONÓMICA 2014

A actividade principal da Asociación Mariñas – Betanzos é a xestión da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, contando para elo cofinanciación do Programa Europeo Leader Galicia 2007-2013, financiado con fondos do FEADER, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da Xunta de Galicia.

► PROGRAMA LEADER. MEDIDA 431-A

A Asociación Mariñas-Betanzos dentro do Programa Leader Galicia 2007-2013, actúa como entidade colaboradora na xestión de subvencións respecto das medidas 411, 412 e 413. Por outra banda é beneficiaria da subvención respecto da medida 431 (gastos de funcionamento).

A totalidade dos gastos de funcionamento e activo fixo do exercicio 2014 executados e financiados co programa Leader Galicia 2007-2013 ascenderon a 102.605,19.-€.

► PROGRAMA LEADER. MEDIDA 431-B

Dentro da “Adquisición de capacidades e promoción do territorio”, desenvóléronse as accións:

1. **L14-43100-29-B254 “Xornadas técnicas e actividades no territorio de Mariñas Betanzos I”.**
Os gastos da anualidade 2014 ascenderon a 17.432,31€.-€.
Xornadas dirixidas a mellorar as capacidades da poboación local e dos principais axentes que traballan no territorio. Mariñas – Betanzos a través destas xornadas, encontros e actuacións formativas, pretendía que os cidadáns coñezan os recursos do territorio e poñan en marcha experiencias demostrativas de desenvolvemento sostible.
2. **L14-43100-29-B282 “Xornadas técnicas e actividades no territorio de Mariñas Betanzos II”.**
Os gastos da anualidade 2014 financiados neste proxecto ascenderon a 9.980,95.-€.
A través destas xornadas, encontros e actuacións formativas, pretendíase que os cidadáns coñezan os recursos do territorio e poñan en marcha experiencias demostrativas de desenvolvemento sostible.
3. **L14-43100-29-B283 “Diagnose actual do sistema alimentario do territorio Mariñas - Betanzos”.**
Os gastos da anualidade 2014 financiados neste expediente ascenderon a 11.000.-€.
Contratación asistencia técnica para a elaboración da diagnose do sistema alimentario actual e elaboración dun mapa de capacidades produtivas para os cultivos de interese.
4. **L14-43100-29-B294 “Xornadas sobre biomasa, rede natura e paisaxe agraria vitícola”.**
Os gastos da anualidade 2014 financiados neste expediente ascenderon a 1.283,10.-€
Taller 1. Biomasa Forestal como recurso enerxético: Unha oportunidade para o emprendemento e a mellora da paisaxe rural (Oleiros).
Taller 2. Viticultura, emprendemento e paisaxe na Reserva da Biosfera MCE™ (Betanzos).
Taller 3. A Paisaxe como traballo previo para a busca de aproveitamentos sostibles e xestión no espazo natural protexido de Dexo, orientada á posta en valor da paisaxe e dos ecosistemas naturais (Oleiros).
5. **L14-43100-29-B295 “Xornadas Técnicas Mariñas Betanzos III”.**
Os gastos da anualidade 2014 financiados neste expediente ascenderon a 385,64.-€
Taller 2. Viticultura, emprendemento e paisaxe na Reserva da Biosfera MCE™ (Betanzos).

No ano 2014 “Mariñas – Betanzos” ten realizado outras actividades complementarias á actividade principal como son:

1. **Proxecto de cooperación “Calidad Agroalimentaria”** recibindo financiación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. No ano 2014 Mariñas-Betanzos foi beneficiaria dunha axuda deste proxecto de cooperación por importe de 3.345,40.-€. Traballar na identificación entre produtos locais e imaxe comarcal, reforzando o seu vínculo territorial. Apoio as pemes agroalimentarias do territorio.
2. **Proxecto de cooperación “Red Asturgallega de Industrias Agroalimentarias: Estrategias para la innovación”** recibindo financiación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. No ano 2013 a Asociación Mariñas-Betanzos foi beneficiaria dunha axuda deste proxecto de cooperación por importe de 8.928,83.-. Traballar coas empresas agroalimentarias ubicadas no medio rural, proporcionando solucións innovadoras e implantando plans de innovación adaptados ás necesidades de cada empresa, permitindo mellorar a súas competitividade e potenciando o seu desenvolvemento económico.
3. **Programa “RURAL-EMPRENDE”**. Programa integrado emprego para persoas desempregadas. Na realización deste programa, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia concedeu unha axuda que ascende a 43.680.-€ a executar en dúas anualidades (2013-2014). Investimentos proxecto: 51.388,22.-€. Cofinanciamento: 7.708,22.-€.
 - ▶ Investimentos do proxecto anualidade 2014: 25.367,66.-€.
 - ▶ Subvención (85%): 21.562,51.-€
 - ▶ Cofinanciación (15%): 3.805,15.-€ (fondos propios)
4. **Programa “BIOSFERA-EMPREGA”**. Na realización deste programa a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia concedeu unha axuda que ascende a 100.463.-€ a executar en dúas anualidades (2014-2015). Investimentos proxecto: 118.191,76.-€. Cofinanciamento: 17.728,76.-€. A Asociación Mariñas – Betanzos executou este proxecto obtendo os seguintes resultados:
 - ▶ Gastos 2014: 51.033,04.-€.
 - ▶ Subvención (85%): 43.378,08.-€
 - ▶ Cofinanciación (15%): 7.654,96.-€ (fondos propios)
5. **Programa “REDE EUSUMO” 2014**. “Xornadas de emprendemento cooperativo”. Axuda concedida pola Consellería de Traballo e Benestar. Na anualidade 2014 devengouse unha subvención por importe de 3.012,62.-€, sendo cofinanciado con fondos propios 761,63€.
6. **Deputación Provincial de A Coruña. Promoción Económica 2014**. Desenvolvemento de tres xornadas temáticas de paisaxe e biomasa forestal. Axuda devengada a cobrar na anualidade 2015 ascende a 2.993,90.-€.
7. **Fundación Biodiversidade**. “Plan Alimentario Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Axuda concedida pola Fundación Biodiversidad, entidade pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Axuda concedida de 19.530.-€. O gasto no ano 2014 foi de 723,98€.

8. Actividades económicas da Asociación:

- Asistencia técnica para a elaboración do informe “Situación de empresas do mar na actualidade e perspectivas de futuro”.
- Xestión Integrada da zona costeira na ría de Betanzos como ferramenta de desenvolvemento do Concello de Sada. Concello de Sada.
- Estudo “Necesidades de materia orgánica nos solos. Identificación liñas de acción”. Universidade de Santiago.

RESUMO DO EXERCICIO:

- ✓ **Total Ingresos: 14.414,03.-€**
- ✓ **Total Gastos: 16.430,06.-€**
- ✓ **Excedente ou resultado: -2.016,03.-€**

Aplicación resultados:

- ✓ Excedente do exercicio 2014: -2.016,03.-€
- ✓ Reservas estatutarias 44.483,23.-€
- ✓ **Total Fondos Propios: 42.467,20.-€**

Tesourería:

A 31 de decembro de 2014 o saldo de caixa da Asociación, ascende a 11,69.-€.

A 31 de decembro de 2014 o saldo da conta bancaria, ascende a 3.372,84.-€ (ABANCA 348,35€; Banco Santander 1.954,72€; Triodos Bank 1.069,77).

Total tesourería: 3.384,53.-€

Debedores e Acredores:

Os dereitos de cobro devengados pola Asociación e que están pendente de cobro a 31 de decembro de 2014 se detallan a continuación:

- a) Subvencións pendentes de cobro: 151.659,58.-€
 - b) Debedores comerciais e créditos á Asociación: 12.100.-€
- Total Dereitos de cobro Asociación Mariñas-Betanzos a 31/12/2014: 163.759,58€

As débedas que ten a Asociación Mariñas-Betanzos a 31 de decembro 2014 se detallan a continuación:

- a) Saldo da póliza de crédito LA CAIXA: -10.393,92.-€ (A 31/12/2014 a póliza de crédito conta cun crédito disposto que ascende a 10.393,92.-€.)
- b) Débedas por préstamos privados: 21.313,54.-€
- c) Débedas con provedores de servizos e outras débedas a 31/12/2014: 4.143,87.-€
- d) Débedas coa administración: 11.719,58.-€
- e) Débedas a corto prazo transformables en subvencións: 79.619,02.-€

Total Débedas da Asociación Mariñas-Betanzos pendentes de pago a 31/12/2014: 127.179,93.-€

❖ *As contas anuais desagregadas atópanse na sede da Asociación, a disposición de todas as entidades asociadas que queiran consultalas.*

BALANCE

ACTIVO	Exercicio 2014	Exercicio 2013	PASIVO	Exercicio 2014	Exercicio 2013
A) ACTIVO NON CORRENTE	9.930,07	8.185,13	A) PATRIMONIO NETO	49.894,25	52.667,19
III Inmobilizado material	9.930,07	8.185,13	A-1 Fondos propios	42.467,20	44.552,18
			III.- Reservas estatutarias	44.483,23	34.711,94
			IV.- Excedente do exercicio	-2.016,03	9.840,24
			A-2 Subv.don.legados e outros	7.427,05	8.115,01
B) ACTIVO CORRENTE	167.144,11	103.962,59	C) PASIVO CORRENTE	127.179,93	59.480,53
			II.Débedas a C/P	111.316,48	29.059,67
			1.-Débedas con entidades de crédito	10.383,92	7.746,13
			3.-Outras Débedas a C/P	21.313,54	21.313,54
			4.-Deudas a c/p transformables en subvencións	79.619,02	
III.-Debedores comer.e outras ctas a cobrar	163.759,58	84.123,71	V. Acredores comerc.y outr.ctas pagar	15.863,45	30.420,86
1.-Clientes por vendas e prestación servizos	12.100,00	36,00	2.-Outros acredores	15.863,45	30.420,86
3.-Debedores varios					
6.-Outros créditos coas administracións públicas	151.659,58	84.087,71			
V.-Inversións financeiras a corto prazo	0,00	1.111,11			
2.-Créditos a empresas		1.111,11			
4.-Conta corrente con socios e administradores					
VII.- Efectivo e outros activos líquidos	3.384,53	18.727,77			
1.- Caixa	11,69	31,22			
2.-Banco	3.372,84	18.696,55			
TOTAL ACTIVO	177.074,18	112.147,72	TOTAL PATRIMONIO NETO, PASIVO	177.074,18	112.147,72

PERDAS E GANANCIAS

CONTA DE RESULTADOS	Exercicio 2014	Exercicio 2013
A) Excedente do exercicio.		
1. Ingresos da actividade propia		
Ingresos da entidade pola actividade propia.	225.231,14	204.373,75
d).-Subvencións,doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio.	225.231,14	204.373,75
2.-Ventas e outros ingresos da actividade mercantil.	13.677,69	37.646,70
8.-Gastos de persoal	-148.811,92	-156.349,73
a.-Soldos, Salarios e asimilados	-110.614,62	-118.145,47
b.-Cargas sociais	-38.197,30	-38.204,26
9.-Outros gastos da actividade	-90.920,99	-71.671,89
10.-Amortización inmovilizado	-1.996,40	-1.774,07
11.-Subvencións, donacións e legados de capital traspasadas ao excedente do exercicio	1.961,95	1.774,03
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE	-858,53	13.998,79
14. Ingresos financeiros	32,27	77,19
15.-Gastos financeiros	-1.189,77	-1.024,62
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS.	-1.157,50	-947,43
A.3)EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS	-2.016,03	13.051,36
19.-Imposto sobre beneficios	0,00	-3.280,07
A.4)Variación de patrimonio neto recoñecido no excedente do exercicio.	-2.016,03	9.771,29

ANEXO I: LISTADO PROXECTOS LEADER

MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL



RECUPERACIÓN DE GRANXA PARA PRODUCIR LEITE BIOSAUDABLE, UTILIZANDO TÉCNICAS EFICIENTES SOSTIBLES
PROMOTOR: COOP. AGRARIA PROVI. DA CORUÑA / CONCELLO: MIÑO

Investimento: 499.180,66€ / **Contía subvención:** 199.672,26€
Emprego: Consolidación de 4,7 empregos e creación dun posto de traballo a tempo completo.

Recuperación e adaptación dunha explotación gandeira de vacún co obxecto de producir leite biosaudable e innovador no mercado, coa aplicación de técnicas de aforro enerxético, garantindo o benestar animal e a seguridade alimentaria. Comercialización do leite fresco a través de máquinas expendedoras ubicadas en diferentes puntos da provincia da Coruña.



CONSTRUCCIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA EXPLOTACIÓN. CENTRO DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DA RAZA GALIÑA PIÑEIRA.
PROMOTOR: FUNDACIÓN ACIVEGA / CONCELLO: ABEGONDO

Investimento: 173.715,26€ / **Contía subvención:** 54.021,25€
Emprego: Creación dun posto de traballo dunha muller a tempo completo.

Posta en marcha dun centro produtivo para a multiplicación e distribución da raza "Galiña Piñeira". Con esta iniciativa recupérase o valor biolóxico e cultural dunha raza de pitas autóctonas de Galicia, sendo a primeira instalación produtora de exemplares de Galiña Piñeira seleccionada.



CREACIÓN PUNTO DE VENDA NA EXPLOTACIÓN.
PROMOTOR: VICTOR M. SÁNCHEZ/ CONCELLO: OZA - CESURAS

Investimento: 63.607,59€ / **Contía subvención:** 17.623,26€
Emprego: Consolidación emprego do promotor.

Adaptación dun local na explotación para a fabricación artesanal de queixos utilizando o leite que produce. Instalación dun punto de venda de queixos e produtos hortícolas, na propia explotación.



MELLORAS EN FÁBRICA DE PENSOS COMPOSTOS PARA ANIMAIS.
PROMOTOR: EL PLANTEL C. DE BETANZOS, S.C.G. / CONCELLO: PADERNE

Investimento: 123.350€ / **Contía subvención:** 40.088,75€
Emprego: Consolidación de 11,03 postos de traballo.

Ampliación dunha fábrica de pensos compostos para animais, co obxecto de incrementar o rendemento do proceso produtivo, a través dunha nova liña de peso, ensacado e paletizado semiautomática. Montaxe de novos silos de materias primas e instalación de novas tolvas de carga de graneis.



EXPLOTACIÓN HORTA EN FIGUEROA

PROMOTOR: JOSE A. GAREA / **CONCELLO:** ABEGONDO

Investimento: 18.637,51€ / **Contía subvención:** 7.469,40€

Emprego: Creación emprego do promotor.

Instalación de dous invernadoiros co obxecto de producir variedades tradicionais galegas (cebola e repolo de Betanzos; tomate negro de Santiago e abuela de Osedo; leituga de Laracha), utilizando modelos de produción sostibles que manteñan o equilibrio entre a produción e a recuperación do ecosistema.



AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVIZOS FORESTAIS EN TABEIO.

PROMOTOR: JOSE F. PATIÑO / **CONCELLO:** CARRAL

Investimento: 125.000€ **Contía subvención:** 41.875€

Emprego: Consolidación do emprego dunha persoa autónoma e 10,13 postos de traballo.

Compra dunha máquina procesadora co obxecto de reducir os tempos de tala e contribuír a incrementar os servizos e a rendibilidade da empresa. Mellora nas condicións de seguridade dos empregados e consolidación da empresa



DINAMIZACIÓN EXPLOTACIÓN AGRARIA EN VIXOI

PROMOTORA: MARÍA HERMINDA VILLAMIZAR / **CONCELLO:** BERGONDO

Investimento: 62.597,66€ / **Contía subvención:** 25.039,66€

Emprego: Consolidación emprego promotora e creación dun posto de traballo a media xornada.

Produción e comercialización directa de legumes, hortalizas, verduras, millo, plantas medicinais, aromáticas e culinarias. Variedades tradicionais como repolo de Betanzos, cebola chata de Miño, tomate e pementos de variedades locais.



AMPLIACIÓN VIVEIRO MULTIPLICACIÓN DE VARIEDADES TRADICIONAIS NA ANGUSTIA.

PROMOTOR: PABLO LÓPEZ CALVIÑO / **CONCELLO:** BETANZOS

Investimento: 159.174,42€ / **Contía subvención:** 71.628,49€

Emprego: Creación dun posto de traballo

Explotación familiar centrada na obtención de semente e plántulas de horta para a súa distribución por toda Galicia. Ampliación dos viveiros actuais co obxecto de potenciar as liñas de produto de variedades tradicionais como a cebola e o repolo de Betanzos.



ACONDICIONAMENTO LOCAL PARA EXPOSICIÓN, PUNTO DE VENDA, DEGUSTACIÓN E FORMACIÓN

PROMOTOR: CASA POUSADOIRA, S.L. / **CONCELLO:** MIÑO

Investimento: 10.819,67€ / **Contía subvención:** 3.606,20€

Emprego: mantemento emprego promotora.

Casa Pousadoira dispón dunha explotación agraria de cultivo de hortalizas e froitas, así coma unha casa de turismo rural. Con esta iniciativa acondicionase un espazo para adicalo a exposición e venda de produtos agrarios da propia explotación, así como local para catas e degustación de produtos.



NAVE COMPLEMENTARIA Á IMPLANTACIÓN DUN CAMPO DE CEPAS PARA PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN CASTAÑO HÍBRIDO
PROMOTORA: IVÓN DUO SUÁREZ / CONCELLO: CAMBRE

Investimento: 47.026,82€ / **Contía subvención:** 15.909,17€
Emprego: Mantemento emprego promotora


Construción dunha nave e instalacións para produción e comercialización profesional de castaño híbrido, a partir de material de base de reprodución tipo clon. Con esta iniciativa estase apoiando a recuperación desta produción tradicional no territorio.



AMPLIACIÓN ACTIVIDADE SERRADOIRO EN CARRAL
PROMOTOR: ANDRÉS SEOANE VILLASERDE / CONCELLO: CARRAL

Investimento: 6.803,27€ / **Contía subvención:** 2.619,26€
Emprego: Consolidación do emprego dunha persoa autónoma e 3,74 postos de traballo

Serradoiro tradicional ubicado no Concello de Carral, que ten como actividade a compra e tala de madeira. Con esta iniciativa ampla a actividade do serradoiro, levando a cabo o novo servizo de comercio ao por maior de madeira, facultándoo para colocar o produto en destino para a súa posterior transformación..



CREACIÓN ALMACÉN PARA A CONSERVACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO KIWI E FRESA
PROMOTOR: FRUTAS GEIXADE, S.C. / CONCELLO: ABEGONDO

Investimento: 180.065,85€ / **Contía subvención:** 79.441,02€
Emprego: Creación dun emprego a media xornada e consolidación de dous empregos autónomos e 4,67 postos de traballo.

Adaptación dun local para sala de envasado de kiwi e fresa e compra de cámaras frigoríficas para almacenaxe da froita e posterior distribución.

MEDIDA 412: MELLORA AMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL



RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E MANANCIAIS.
PROMOTOR: CONCELLO DE OLEIROS / CONCELLO: OLEIROS

Investimento: 72.522,13€ / **Contía subvención:** 46.285,88€
Emprego:

O obxectivo desta iniciativa municipal foi recuperar oito mananciais e ríos de lavar ubicados nos núcleos de poboación de A Gándara, O Espiñol, O Batán, O Couto, Lóngora (Vista Alegre), Vilanova, Broño e Aba, coa finalidade de permitir o disfrute e aproveitamento da auga, así como recuperar o patrimonio cultural ligado aos cauces fluviais.



REXENERACIÓN E PROTECCIÓN DA FRAGA DO VINTE.
PROMOTOR: CONCELLO DE OZA-CESURAS / CONCELLO: OZA-CESURAS

Investimento: 18.883€ / **Contía subvención:** 13.218,10€
Emprego:

Iniciativa municipal consistente na posta en valor e conservación do entorno natural da Fraga do Vinte, a través da rexeneración das árbores degradadas, carballos con máis de cen anos de antigüidade. Destacar o valor etnográfico, social e paisaxístico deste entorno. Neste entorno celébrase unha das feiras máis importantes de gando da comarca o día vinte de cada mes.


MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA



AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN EMPRESA DE SERVICIOS NO MEDIO RURAL PROMOTOR: SERGIO ARES / CONCELLO: CAMBRE

Investimento: 68.644,07€ / **Contía subvención:** 17.847,46€
Emprego: Consolidación emprego do promotor.

Ampliación dunha pequena empresa especializada na prestación de servizos no medio rural, centrándose no sector forestal, limpeza de montes, recollida de lodos, rozas, regos, etc., a través da compra dun novo tractor para realizar o servizo de recollida de lodos en canteiras, tanto a particulares como a empresas ou entidades da comarca.



PAPELERÍA E SERVICIOS DE FOTOCOPIADORA PROMOTORA: MÓNICA BOEDO / CONCELLO: OZA-CESURAS

Investimento: 28.641,52€ / **Contía subvención:** 11.886,23€
Emprego: Creación posto de traballo da promotora.

Creación da tenda Cousos I Cousas, co obxecto de prestar servizos de fotocopiadora, venta de prensa, revistas, papelería, material de oficina e outros servizos complementarios.



AULA DE INFORMÁTICA NO CENTRO CULTURAL DE CAMBÁS PROMOTOR: CONSELLO DE ANCIÁNS ALTO XESTOSO / CONCELLO: ARANGA

Investimento: 108.521,57€ / **Contía subvención:** 79.329,27€
Emprego:

Constituído no ano 2000 foi o primeiro órgano destas características legalmente constituído en Galicia. Contribúe ao desenvolvemento integral das persoas, programando actividades destinadas ás persoas maiores. Dende o ano 2008 está incorporado ao programa experimental UNED Sénior en colaboración con Centro Asociado de A Coruña. Proxecto non produtivo consistente en acondicionamento de local e equipamento para aula de informática.



CREACIÓN EMPRESA INTEGRAL DE TURISMO E SERVICIOS DE OCIO PROMOTOR: MUNDOCIO EVENTOS, S.L. / CONCELLO: CULLEREDO

Investimento: 68.644,07€ / **Contía subvención:** 17.847,46€
Emprego: Consolidación emprego do promotor.

Ampliación dunha pequena empresa especializada na prestación de servizos no medio rural, centrándose no sector forestal, limpeza de montes, recollida de lodos, rozas, regos, etc., a través da compra dun novo tractor para realizar o servizo de recollida de lodos en canteiras, tanto a particulares como a empresas ou entidades da comarca.



AMPLIACIÓN PARA A MELLORA XESTIÓN ALMACÉN DE PINTURAS PROMOTOR: PINTURAS Y DISTRIB. PROINDE, S.L. / CONCELLO: CAMBRE

Investimento: 543.645,47€ / **Contía subvención:** 195.352,37€
Emprego: Creación dun posto de traballo, consolidando 6,9 empregos.

Empresa ao por maior de pinturas en funcionamento dende o ano 1995, que decidiu ampliar as súas instalacións coa construción dunha nova nave destinada ao almacenamento e mellora loxística da empresa, reducindo polo tanto os custos de transporte e os de aprovisionamento. Destacar a instalación de paneis solares e un sistema de iluminación de última xeración "Microled".



AMPLIACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

PROMOTOR: ASOCIACIÓN GATOCAN / CONCELLO: COIRÓS

Investimento: 158.638,28€ / **Contía subvención:** 79.319,14€

Emprego: Creación de 2,5 postos de traballo consolidando 0,06 empregos.

Proxecto non produtivo, consistente na ampliación das instalacións que a Asociación Gatocan ten no Concello de Coirós. Esta Asociación dedícase a recoller animais abandonados e con esta iniciativa amplía o seu servizo de recollida a outros concellos da comarca, que manifestaron o interese en contar con este servizo que impón a lei



AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN SERVIZOS NO SECTOR FORESTAL

PROMOTOR: JOSÉ MANUEL CABANA / CONCELLO: OLEIROS

Investimento: 58.600,46€ / **Contía subvención:** 16.478,44€

Emprego: Consolidación de 1,96 empregos

Ampliación e modernización dunha pequena empresa dedicada a realizar traballos forestais, tales como desbroce de montes e fincas, podas e clareos. Coa compra da nova maquinaria, amplía a súa actividade, realizando traballos previos para plantacións forestais e compra, corta, estilado e venda de madeira ao por maior. Prestación dun novo servizo de coidado e rexeneración forestal, así como a recollida de biomasa para utilizar como combustible



NOVA ESCOLA INFANTIL EN A LAGOA – MAIANCA

PROMOTOR: CONCELLO DE OLEIROS / CONCELLO: OLEIROS

Investimento: 179.102,06€ / **Contía subvención:** 78.804,91€

Emprego: Creación de 6 postos de traballo, sendo 3 de mulleres.

Acondicionamento dunha antiga escola unitaria, para crear unha escola infantil para 41 nenos e nenas de 0 a 3 anos, a través dunha explotación privada sacada a concurso polo Concello de Oleiros. Este servizo é necesario para a incorporación de pais e nais á vida laboral e conta con métodos didácticos innovadores (educación ambiental, coñecemento das costumes e historia do territorio onde pertencen, ensino da reciclaxe...).



AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRA

PROMOTOR: HERMANOS GARCÍA ROCHA, S.L. / CONCELLO: OZA - CESURAS

Investimento: 47.208,63€ / **Contía subvención:** 12.819,58€

Emprego: Consolidación dos trinta postos de traballo existentes.

O serradoiro Hermanos García Rocha, S.L. leva en funcionamento dende o ano 1.956. Esta empresa de carácter familiar dedícase á compra e transformación de madeira. Nos últimos anos ten emprendido un proceso de ampliación e modernización das instalacións para incrementar o valor engadido das producións do monte. Os investimentos foron para a construción dunha nave para almacenamento, acopio e clasificación da madeira, permitindo así ofrecer produtos de maior calidade e homoxeneidade.



CREACIÓN DE PERRUQUERÍA E ESTÉTICA NOS CAMPÓS

PROMOTOR: LUCIA SANTISO / CONCELLO: CAMBRE

Investimento: 21.341,88€ / **Contía subvención:** 7.523,01€

Emprego: Creación do emprego de dúas mulleres, unha a tempo completo e outra media xornada.

Creación da Perruquería e Estética LUSS, a través da adaptación e equipamento dun local no núcleo dos Campóns (Cambre), para a prestación dun servizo non existente ata agora neste núcleo de poboación.



PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO SECTOR LÁCTEO
PROMOTOR: COOP. AGRARIA PROVINCIAL A CORUÑA / CONCELLO: MIÑO

Investimento: 133.379,67€ / **Contía subvención:** 60.200,85€
Emprego: Creación de dous postos de traballo a tempo completo e consolidación de 4,7 empregos existentes.

Granxa o Cancelo, aparte de ofertar produtos lácteos coa marca “Granxa o Cancelo”, que se comercializan mediante un orixinal sistema de máquinas expendedoras, con esta axuda do LEADER, tamén é un punto de encontro para persoal técnico, unha aula de formación e información, sendo a divulgación un pilar moi importante na empresa e con este fin ábrese as portas para recibir a persoas alleas ao sector gandeiro, colexios, asociacións de consumidores e consumidoras, para que coñezan de primeira man como funciona unha granxa.



MODERNIZACIÓN CAMPING AGUIAR
PROMOTOR: ISABEL PULIDO / CONCELLO: BERGONDO

Investimento: 49.394,87€ / **Contía subvención:** 19.264€
Emprego: Creación posto de traballo dunha muller.

Cámping Aguiar, entidade que leva en funcionamento máis de 25 anos na parroquia de Moruxo, é un cámping familiar con 32 parcelas en terraza. Coa axuda do Programa LEADER melloráronse os servizos comúns (sanitarios, almacéns, lavandería, xardín..) así como a creación de novos servizos tales como instalacións de aparcabicis, local para información turística, punto de venta de produtos artesanais e gastronómicos, entre outros.



MODERNIZACIÓN FÁBRICA DE MADEIRAS
PROMOTOR: VALES CORUÑA, S.L. / CONCELLO: ARANGA

Investimento: 2.516.600,45€; **Contía subvención:** 200.000€
Emprego: Creación de dous postos de traballo e consolidación de 63,87 empregos.

Portas Vales, traballa na fabricación de portas de madeira dende principios dos anos noventa, estando situada nun dos concellos máis rurais do territorio de “Mariñas – Betanzos”. Coa axuda do LEADER instala unha caldeira de aceite térmico, sistema de transporte neumático, silo e alimentación caldeira e un Sistema de Aproveitamento de Residuos, co obxecto de diminuír o custe enerxético da empresa.



AMPLIACIÓN CENTRO DE DÍA CON ZONA DE INTERVENCIÓN
MULTISECTORIAL E ZONA INTERACTIVA
PROMOTOR: ASPANAES / CONCELLO: CULLEREDO

Investimento: 228.747,19€ / **Contía subvención:** 119.291,66€
Emprego: Consolidación de 124,22 empregos.

ASPANAES, entidade privada, sen ánimo de lucro e declarada de Utilidade Pública ten como misión mellorar a calidade de atención e servizos dirixidos ás persoas con TEA e as súas familias, facilitando e potenciando o seu desenvolvemento integral. No Centro de Día que ten en Castelo, ampliou os seus servizos instalando unha zona de intervención multisectorial; un taller agrícola con invernadoiro para impartir aos alumnos clases de xardinería. Estas actividades son de carácter gratuíto para os usuarios.



MELLORAS DE LOCAL PARA AMPLIACIÓN DE NOVOS SERVIZOS
PROMOTOR: CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA / CONCELLO: BETANZOS

Investimento: 131.585,28€; **Contía subvención:** 60.950,30€
Emprego: Consolidación de 1,5 empregos.

Nun local cedido de forma gratuíta polo Concello de Betanzos, prestan novos servizos de carácter gratuíto á poboación, tales como, Plan de socorro e emerxencias; Plan de intervención social; Programa PASEA (envellecemento activo); Servizo de apoio socioeducativo á infancia de colectivos en risco de exclusión; Servizos de reforzo educativo a nenos de etnia xitana e servizos de información integral ao inmigrante. A axuda do LEADER foi destinada a adaptar e equipar o novo local.



AMPLIACIÓN CAMPO DE GOLF EN LARÍN

PROMOTOR: HÉRCULES CLUB DE GOLF, S.A. / **CONCELLO:** ARTEIXO

Investimento: 483.960,08€ / **Contía subvención:** 199.319,27€

Emprego: Creación de dous empregos, mulleres e consolidación dun emprego a media xornada.

O Hércules Club de Golf naceu a mediados do ano 1996, debido á iniciativa dun grupo de seguidores deste deporte. Con esta axuda amplían a 18 buratos para cubrir a demanda existente actualmente. Renovan os vestiarios e compran maquinaria para o mantemento do campo. Nos novos ocos deste campo, realizáronse plantacións de árbores autóctonos e para mellorar a eficiencia enerxética instaláronse paneis solares e luminarias de baixo consumo.



IMPLANTACIÓN PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN EN DISTRIBUIDORA DE ALIMENTACIÓN

PROMOTOR: VAZQUEZ Y CARBALLOSA, S.L. / **CONCELLO:** SADA

Investimento: 37.001€ / **Contía subvención:** 9.460,26€

Emprego: Consolidación de 15,9 empregos.

Empresa de distribución de bebidas e alimentación dentro da rede HORECA, crea un novo departamento para complementar a actividade comercial que realiza, con novos canais de venda, sendo pioneira na provincia da Coruña coa instalación deste servizo de televenta. Este departamento que é unha plataforma de comunicación con software libre, vai contribuír a que a empresa sexa máis eficiente na distribución.



CREACIÓN CARPINTERÍA EN CAÑÁS

PROMOTOR: CARPINTERÍA REAL, S.L. / **CONCELLO:** CARRAL

Investimento: 29.457€ / **Contía subvención:** 6.071,38€

Emprego: Creación dun posto de traballo, equivalente a 0,25 UTA.

Adquisición de nova maquinaria, para a fabricación de portas e fiestras de madeira, cunha prestacións tecnolóxicas innovadoras que permiten ofrecer un novo servizo e poder competir no mercado.



MODERNIZACIÓN CARPINTERÍA EN ANS

PROMOTOR: CARPINTERÍA A MEEDEIRA, S.C. / **CONCELLO:** CARRAL

Investimento: 54.000€ / **Contía subvención:** 15.930€

Emprego: Consolidación de tres postos de traballo.

Adquisición de nova maquinaria, para a fabricación de portas e fiestras de madeira, cunha prestacións tecnolóxicas innovadoras que permiten ofrecer un novo servizo e poder competir no mercado.



AMPLIACIÓN EMPRESA PROTÉSICO DENTAL

PROMOTOR: OSCAR BRANDARIZ / **CONCELLO:** CARRAL

Investimento: 19.120€ / **Contía subvención:** 5.162,40€

Emprego: Consolidación de 1,75 empregos.

Entidade ubicada no Concello de Carral, con experiencia na elaboración de próteses dentais, compra nova maquinaria a través do LEADER co obxecto de ofrecer un servizo de maior calidade e poder ser máis competitivo no seu sector.



AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVICIOS FORESTALES EN CARRAL II

PROMOTOR: ANDRÉS SEOANE / CONCELLO: CARRAL

Investimento: 42.000€ / **Contía subvención:** 14.070€

Emprego: Creación dun posto de traballo.

Compra dun tractor de maior capacidade con grúa destinado á limpeza da madeira dos ríos, mellorando aspectos ambientais de loita contra a erosión, así como de seguridade no traballo.



FABRICACIÓN ESTRUTURAS METÁLICAS ESPECIAIS

PROMOTOR: DESARROLLOS MECÁNICOS COIRÓS, S.L.U. / COIRÓS

Investimento: 245.835,28€ / **Contía subvención:** 83.271,45€

Emprego: Creación dun posto de traballo.

A súa actividade é a fabricación de estruturas verticais de aceiro reforzado para posterior instalación en centros comerciais, parques públicos, urbanizacións privadas, etc.



AFORRO ENÉRXETICO NA ALIMENTACIÓN NAS EXPLOTACIÓNS

PROMOTOR: COOPERATIVA CUSOVIAME, S.C.G. / CONCELLO: ARANGA

Investimento: 164.000€ / **Contía subvención:** 63.140€

Emprego: Consolidación de 24,047 postos de traballo e creación dun emprego.

Adquisición dun carro mesturador para a realización das mezclas unifed nas explotacións agrarias, coa finalidade de optimizar recursos, mellorar as producións e a calidade de vida dos agricultores.



FABRICACIÓN DE CADROS ELÉCTRICOS ESPECIAIS, PARA SUBMINISTRO ENERXÉTICO

PROMOTOR: APLICACIÓNS T. CUADROS ELÉCTRICOS, S.L. / COIRÓS

Investimento: 269.612,27€ / **Contía subvención:** 93.151,04€

Emprego: Creación de dous postos de traballo a tempo completo.

Creación dunha nova empresa, cunha actividade innovadora no territorio que é a de fabricar e montar cadros eléctricos de distribución, manobra e control, destinado a sistemas industriais, automatización, coxeneración e telefonía entre outros usos.



MELLORAS EN INDUSTRIA DE PANADERÍA

PROMOTOR: M^a ROCIO MESIAS / CONCELLO: CARRAL

Investimento: 59.800€ / **Contía subvención:** 17.342€

Emprego: Consolidación do empregos dunha muller.

Compra dun forno de maior capacidade pola panadería "Moncho" de Herves coa finalidade de consolidar e incrementar a produtividade coa ampliación da produción actual e oferta de novos produtos.



MODERNIZACIÓN ESTUDIO DE FOTOGRAFIA

PROMOTOR: Magus 18-10, S.L. / CONCELLO: ABEGONDO

Investimento: 7.543,03€ / **Contía subvención:** 17.342€

Emprego: Consolidación de dous empregos autónomos e un por conta allea.

Empresa ubicada no Concello de Abegondo, sendo a súa actividade o deseño e distribución dunha revista promocional de servizos fotográficos, restaurantes, catering, especializada en vodas. Amplía a súa actividade ofertando aos veciños de Abegondo e arredores un servizo de fotografía non existente no municipio.



REFORMA DE PAVILLÓN DE PERSOAS CON PARÁLISES CEREBRAL

PROMOTOR: ASPACE / CONCELLO: SADA

Investimento: 384.377,34€ / **Contía subvención:** 250.000€
Emprego: Consolidación de 68,37 empregos.

Creación dun centro integral de alumnos con parálise cerebral, mediante a remodelación dun pavillón da asociación ASPACE, na parroquia de Osedo (Concello de Sada). Actualmente non existe na provincia da Coruña ningún centro público ni privado que preste servizos e tratamentos de atención integral a persoas con parálise cerebral.



AMPLIACIÓN CARPINTERÍA DE MOBILIARIO INDUSTRIAL E COMERCIAL

PROMOTOR: ELMADE, S.L. / CONCELLO: CULLEREDO

Investimento: 395.966,25€ / **Contía subvención:** 88.786,24€
Emprego: Consolidación de 19,52 postos de traballo e creación dun emprego.

Mellora tecnolóxica e produtiva da carpintería Elmade, S.L. que fabrica mobiliario industrial e comercial, a través da incorporación de maquinaria cun alto nivel tecnolóxico e de automatización. O incremento da demanda sobre todo de clientes como o Grupo Inditex ou Camper, obriga a esta empresa a levar a cabo actuacións de ampliación das súas estruturas para poder competir no mercado actual.



AMPLIACIÓN EMPRESA DEDICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR

PROMOTOR: YAÑEZ FERRETERÍA, S.L. / CONCELLO: ARANGA

Investimento: 114.254,19€ / **Contía subvención:** 43.416,59€
Emprego: Consolidación de 2,7 empregos, onde están incluídos os dous socios da entidade en réxime de autónomo.

Este negocio que leva funcionando máis de 30 anos en Aranga, está rexentado actualmente por dúas persoas novas. Dedícase á venda de material agrícola e subministro para o medio rural ao por maior. Coa axuda do LEADER modernizaron as súas instalacións, cunha importante mellora tecnolóxica e aforro enerxético, usando luminarias de baixo consumo e un sistema de bomba de calor.



IMPLANTACIÓN DUNHA EMPRESA DE FABRICACIÓN DE PEZAS DE MADEIRA PARA O SECTOR DA CARPINTERÍA

PROMOTORA: PILAR PRADO SEOANE / CONCELLO: ARANGA

Investimento: 166.313,35€ / **Contía subvención:** 71.514,74€
Emprego: Creación dun posto de traballo.

Creación dunha nova empresa no Concello de Aranga, que terá por actividade a fabricación de pezas e elementos de madeira principalmente para o sector da carpintería.



MODERNIZACIÓN EMPRESA MADERERA EN OZA DOS RÍOS

PROMOTOR: HERMANOS GARCÍA ROCHA, S.L. / CONCELLO: OZA-CESURAS

Investimento: 53.643,63€ / **Contía subvención:** 18.554,61€
Emprego: Consolidación de 32,36 empregos.

Este serradoiro ubicado no Concello de Oza-Cesuras ten como actividade o almacenamento do serrín xerado ao final da cadea de produción. Esta iniciativa consiste na adaptación da nave para creación dun novo produto no serradoiro, que sería a produción de mangos de madeira con materias primas galegas.



CREACIÓN EMPRESA ENERXÍAS RENOVABLES ESPECIALIZADA EN ENERXÍA EÓLICA

PROMOTOR: T'VENTO INGENIERIA MINIEÓLICA, S.L. / CONCELLO: SADA

Investimento: 26.855,80€ / **Contía subvención:** 6.243,99€

Emprego: Creación do emprego do único socio da entidade en réxime de autónomos

Posta en marcha dunha empresa de deseño e aplicación de enerxías renovables, especialmente minieólicas en empresas de pequena dimensión en sectores como o agropecuario, industrial e comercial e deste xeito reducir custos de produción.



AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADES DO CLUB DE TENIS A PEDRALBA

PROMOTOR: CLUB DE TENIS A PEDRALBA / CONCELLO: BERGONDO

Investimento: 89.289,53€ / **Contía subvención:** 40.108,86€

Emprego: Creación dun posto de traballo.

Mellora e implantación de novos servizos deportivos, na única asociación deportiva ubicada no núcleo de poboación: pistas cubertas e equipamento de ximnasio.



CREACIÓN CLÍNICA VETERINARIA EN ABEGONDO

PROMOTOR: FRAGA PIÑEIRO, S.C. / CONCELLO: ABEGONDO

Investimento: 23.599,31€ / **Contía subvención:** 9.803,56€

Emprego: Creación dun posto de traballo.

Creación dunha clínica veterinaria no Concello de Abegondo, especializada na atención de cans e gatos, ofrecendo ademais servizos de perruquería.



CONSTRUCCIÓN DE PISTA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS

PROMOTOR: ACADEMIA DE TENIS GALEGA, S.L. / CONCELLO: CAMBRE

Investimento: 46.162,33€ / **Contía subvención:** 15.561,32€

Emprego: Creación dun posto de traballo equivalente a 0,75 e consolidación de 6,76 empregos.

Academia de Tenis ubicada na parroquia de Pravio, Concello de Cambre. Con esta iniciativa creárase unha nova pista de tenis para dedicala á organización de competicións federadas e amateur de tenis e padel, así como para impartir cursos de formación a diferentes niveis.



CREACIÓN CAMPO DE PICTH AND PUTT

PROMOTOR: AS MARIÑAS PITT AND PUTT, S.L. / CONCELLO: PADERNE

Investimento: 210.716,49€ / **Contía subvención:** 94.822,42€

Emprego: Creación dun posto de traballo.

Construción dun campo de Picht and Putt, coa finalidade de ofrecer un servizo deportivo e de ocio non existente no Concello de Paderne. Os investimentos van dirixidos á construción do campo e equipamento do mesmo.



RESIDENCIA TERCEIRA IDADE EN BRIBES

PROMOTOR: RESIDENCIAL BRIBES, S.L. / CONCELLO: CAMBRE

Investimento: 169.193,94€ / **Contía subvención:** 76.137,27€

Emprego: Creación de dous postos de traballo e consolidación de 12,41 empregos.

Centro da terceira idade ubicado na parroquia de Bribes, Concello de Cambre que presta servizos de centro de día para 17 persoas e residencia con capacidade para 24 persoas. Con este proxecto constrúe un local anexo para ampliar a residencia para a terceira idade, contando con 16 novas prazas.



AMPLIACIÓN ACTIVIDADES SERRADOIRO DE MADEIRAS
PROMOTOR: VISECOSA, S.L. / CONCELLO: BETANZOS

Investimento: 348.111€ / **Contía subvención:** 120.000€
Emprego: Creación de dous postos de traballo e consolidación dos 7,56 empregos existentes.

Esta empresa ten como actividade o comercio ao por maior de viruta para o uso maioritariamente gandeiro. Con este proxecto incrementa as actividades do serradoiro coa incorporación da fabricación de viruta e posta en marcha do serradoiro. Os investimentos van dirixidos á adquisición da maquinaria para a fabricación da viruta e compra dunha caldeira.



CREACION RESTAURANTE DE PRODUCTOS DO TERRITORIO E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS "XENTES NO CAMIÑO"
PROMOTOR: BRIGA EDICIÓNS, S.C. / CONCELLO: ABEGONDO

Investimento: 134.533,78€ / **Contía subvención:** 60.540,20€
Emprego: Creación dun posto de traballo.

Creación dun restaurante de produtos locais na casa natal do historiador e pintor Alfredo Erias, na parroquia de Presedo, zona de paso dos peregrinos do Camiño Inglés a Santiago. Posta en marcha dun Centro de Interpretación da Sociedade Galega Medieval onde Alfredo Erias expoñerá as súas obras gráficas e esculpirá en pedra figuras da idade media.



DINAMIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR AGROFORESTAL. AMPLIACIÓN DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL
PROMOTOR: AGROFORESTAL CANDAL, S.L. / CONCELLO: CARRAL

Investimento: 273.860,95€ / **Contía subvención:** 91.743,42€
Emprego: Consolidación dun emprego autónomo e 6,46 postos de traballo.

Empresa que ofrece servizos en materia de aproveitamento forestal e agrogandeiro que compra nova maquinaria que conta coas últimas innovacións tecnolóxicas tanto en eficacia enerxética, TICs, seguridade e ergonomía laboral, coa finalidade de mellorar os servizos prestados ás explotacións forestais e agrogandeiras, especialmente no tratamento e procesado de biomasa.



AMPLIACIÓN DA ACTIVIDADE DUNHA EMPRESA DE SERVIZOS AMBIENTAIS
PROMOTOR: NAGAR S. AMBIENTAIS, S.L. / CONCELLO: OZA-CESURAS

Investimento: 66.675,20€ / **Contía subvención:** 25.003,20€
Emprego: Consolidación dun emprego autónomo.

Empresa ubicada en Oza dos Ríos que ofrece servizos de silvicultura, de xestión medioambiental para empresas e administracións públicas e servizos de formación en medio ambiente e prevención de riscos laborais. Con este proxecto adapta un local para prestar estes servizos, ademais de ampliar a súa oferta, ofrecendo un novo servizo consistente en asesoramento integral e atención aos propietarios forestais.



CREACIÓN MICRO-CERVEXERÍA ARTESÁN "EIRA DA PEREIRA"
PROMOTOR: ROSARIO CANDELA / CONCELLO: BETANZOS

Investimento: 8.440,83€ / **Contía subvención:** 2.954,29€
Emprego: Creación emprego da promotora.

Adaptación de local e compra de maquinaria para obradoiro de cervexa artesanal no Concello de Betanzos, que comercializa en circuitos curtos (cervexerías, restaurantes, comercio electrónico, tendas gourmet...). Elabora principalmente cervexa tipo "Bitter inglesa", de malta de cebada e de estilo alemán con trigo.



CREACIÓN CLÍNICA FISIOTERAPIA EN OZA DOS RÍOS

PROMOTOR: CRISOL FISIOTERAPEUTAS, S.C. / **CONCELLO:** OZA-CESURAS

Investimento: 10.140,84€ / **Contía subvención:** 4.563,38€

Emprego: Creación dos empregos como autónomas das dúas socias da entidade.

Adaptación de local e compra de equipamento para Clínica de Fisioterapia única en Oza dos Ríos. Rexentada por dúas mulleres novas fisioterapeutas que prestan servizos de rehabilitación, readaptación, persoas con lesións osteomusculares por accidentes domésticos, de tráfico, deporte...



CREACIÓN PASTELERÍA TRADICIONAL

PROMOTORA: VERÓNICA LÓPEZ / **CONCELLO:** CARRAL

Investimento: 8.372,06€ / **Contía subvención:** 2.930,22€

Emprego: Creación emprego da promotora

Adaptación de local na vivenda da promotora, sita en As Travesas, poñendo en marcha un obradoiro/despacho que elabora pastelería tradicional e creativa con ingredientes naturais e nutrientes saudables, baixo pedido previo.



CREACIÓN EMPRESA SERVICIOS AGRARIOS EN MORÁS

PROMOTOR: CARLOS MALLO / **CONCELLO:** ARTEIXO

Investimento: 132.542,98€ / **Contía subvención:** 45.992,03€

Emprego: Creación emprego do promotor

Carlos Mallo é un mozo menor de 30 anos que crea o seu propio emprego como autónomo comprando a súa propia maquinaria, para ofrecer servizos agrícolas ás explotacións agrarias, servizos de sega, plantación, colleita de forraxes pratenses, ademais de limpeza de montes.



NOVO EQUIPO DE ANÁLISE PARA MELLORAR O VALOR ENGADIDO DA PRODUCCIÓN LÁCTEA

PROMOTOR: LIGAL / **CONCELLO:** ABEGONDO

Investimento: 171.869,15€ / **Contía subvención:** 40.000€

Emprego: Consolidación de 42,91 empregos

O Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite incorpora un novo equipo máis eficiente para o análise da leite, incrementando o valor engadido da produción láctea en Galicia en base á optimización na diagnose e tratamento posterior. Compra un depósito para a eliminación da maior parte da materia orgánica e instala paneis solares para reducir o consumo de hidrocarburos.

ANEXO II: LISTADO ENTIDADES ASOCIADAS

CONCELLO	ENTIDADES
A CORUÑA	ASOCIACIÓN AGALPI; ASOCIACIÓN MARINEDA JÓVENES EMPRESARIOS; ASOCIACIÓN FEDACEPE; COETICOR; COLEXIO OFICIAL DE VETERINARIOS DE A CORUÑA; FUNDACIÓN ACIVEGA; APEM; ASPRONAGA; ASOCIACIÓN PADRES PARA FORMACIÓN DE JÓVENES LÍMITE; COGAMI-CORUÑA; ASOCIACIÓN ECOS DO SUR; GRUPO NATURALISTA HABITAT; ASPANAES; ADEGA
ABEGONDO	CONCELLO ABEGONDO; ASOCIACION AMAS DE CASA E USUARIAS DE ABEGONDO; ASOCIACIÓN QUEIXEIRAS E COMARCA; ASOCIACIÓN CAZADORES DE ABEGONDO; ASOCIACIÓN XUVENTUDE E NATUREZA; ASOCIACIÓN TERRA DAS MARIÑAS
ARANGA	CONCELLO DE ARANGA; VAL ARANGA ASOCIACIÓN CULTURAL; CENTRO CULTURAL DEPORTIVO DE CAMBÁS; CONSELLO DE ANCIÁNS DE XESTOSO-CAMBÁS; ASOCIACIÓN DE MULLERES DO CAMPO DE CAMBÁS; ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE CAMBÁS
ARTEIXO	CONCELLO DE ARTEIXO; COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE A CORUÑA; ASOCIACIÓN EMPRESARIOS POLÍGONO SABÓN – ARTEIXO; ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA POLOS CAMIÑOS DE ARTEIXO; ASOCIACIÓN HOSTALEIROS DE ARTEIXO; ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ESTEBAN DE MORÁS.
BERGONDO	CONCELLO DE BERGONDO; LUTEGA; ASOCIACIÓN ARTESÁNS AS MARIÑAS; ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE BERGONDO; ASOCIACIÓN ELAS; ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS PEDRAS BRANCAS; ASPAYM GALICIA
BETANZOS	CONCELLO DE BETANZOS; ASOCIACIÓN COLLETEIROS VIÑO DE BETANZOS; ASOCIACIÓN VITICULTORES E ADEGUEIROS DE BETANZOS; SINDICATO LABREGO GALEGO; CLUB HANS HORANG-J; FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS; ASOCIACIÓN AGAFAMES; CLUBE ATLETISMO AS MARIÑAS; ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS LIAFAIL; ASOCIACIÓN ARBE; ASOCIACIÓN CULTURAL A FULIADA; ASOCIACIÓN LAR DE UNTA; ASOCIACIÓN COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS; ASOCIACIÓN ALBOIO
CAMBRE	CONCELLO DE CAMBRE; ASOCIACIÓN EMPRESARIOS/AS DE CAMBRE; FUNDACIÓN INDALI; LIMCO S. COOP. GALLEGA INTERESE SOCIAL; PREDIF GALICIA; CLUB CICLISTA FRISONBLE; ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS ANTONIA DANS; AMFAR CAMBRE
CARRAL	CONCELLO DE CARRAL; ASOCIACIÓN CULTURA ABERTA DE CARRAL; ASOCIACIÓN PANADEIROS DE CARRAL
COIRÓS	CONCELLO DE COIROS; ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE COIRÓS.
CURTIS	CONCELLO DE CURTIS
CULLEREDO	CONCELLO DE CULLEREDO; ASOCIACIÓN VECIÑOS SAN MARTÍN DE SÉSAMO; ASOCIACIÓN O CRUCEIRO DE CELAS; ASOCIACIÓN CULTURAL SAN COSME; ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE CULLEREDO; ASOCIACIÓN COMERCIANTES CULLEREDO; COMUNIDADE DE MONTES DE CASTELO; ASOCIACIÓN MESTURA; AGRUPACIÓN DEPORTIVA A PEDROSA; ; ASOCIACIÓN HOSTALERÍA DE CULLEREDO; FEDERACIÓN ASOCIACIONES EMPRESARIAIS DE AS MARIÑAS
IRIXOA	CONCELLO DE IRIXOA; ASOCIACIÓN VECIÑOS SAN TIRSO DE AMBROA; COMUNIDADE DE MONTES EL RAÑO; COMUNIDADE VECIÑAL MONTE DE SAN ANTÓN; RÍO LAMBRE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

CONCELLO	ENTIDADES
MIÑO	CONCELLO DE MIÑO; ASOCIACIÓN VECIÑOS A IRMANDADE DE BEMANTES; ASOCIACIÓN BAIXOI; CLUB DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO; ASOCIACIÓN VECIÑOS ANDURIÑA DE CALLOBRE; ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE MIÑO; ASOCIACIÓN RÍO LAMBRE DE VECIÑOS DE PONTE DO PORCO; CONFRARÍA DE PESCADORES DE MIÑO
OLEIROS	CONCELLO DE OLEIROS; CEIDA; ASOCIACIÓN REDEIRAS DE LORBÉ; CONFRARÍA DE PESCADORES DE MERA; ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANTÓN DE DEXO
OZA - CESURAS	CONCELLO DE OZA-CESURAS; ASOCIACIÓN VECIÑOS SAN PEDRO DE BORRIFANS; ASOCIACIÓN VECIÑOS DE CUTIAN; ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS DE CESURAS; ASOCIACIÓN VECIÑOS DE CIS
PADERNE	CONCELLO DE PADERNE; SOCIEDADE CULTURAL, RECREATIVA E DEPORTIVA A ROSEIRA; ASOCIACION VECIÑOS DE SOUTO; ASOCIACIÓN VECIÑOS SAN PANTALEÓN DAS VIÑAS; ASOCIACIÓN VECIÑOS SAN ESTEBO DE QUINTÁS; ASOCIACIÓN O RABO DO GALO; ASOCIACIÓN ROXIN ROXAL; ASOCIACION VECIÑOS ALBEIRO DE VELOUZAS; ASOCIACIÓN TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA; ASOCIACIÓN VEDOREIRA
SADA	CONCELLO DE SADA; ASpace; CLUB DE REMO MARIÑEIRO FONTÁN-SADA; MEIGAS ASOCIACION SOCIOCULTURAL MULLERES; CONFRARÍA DE PESCADORES DE SADA; ASOCIACIÓN INCLUSIÓN; ASOCIACIÓN GATOCAN
SOBRADO	CONCELLO DE SOBRADO
SANTIAGO C.	FUNDACIÓN G PRODIS; ASOCIACIÓN PROVINCIAL 1ª TRANSFORMACIÓN MADEIRA DE A CORUÑA; ASOCIACIÓN PROFESIONAL XORNAGA; SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL; ASOCIACIÓN MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES; COLEXIO DE XEOGRAFOS-DELEGACION GALEGA
AS PONTES	ASOCIACION AGROALIMENTARIA DO EUME

